

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de XULLO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o mércores 31 de xullo de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional pola catástrofe ferroviaria en Santiago de Compostela**

***Declaración institucional en apoio aos traballadores de Megasa**

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Partido Socialista, don Jesús Manuel Campos Díaz.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/13, do 28 de xuño.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.801 á nº 13.300, de 2013.

4.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de agosto de 2013.

5.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Club Deportivo Equicio para financiar o proxecto “Salón do Cabalo 2012”.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para financiar o proxecto “As Pontes Aprende 2010”.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre para financiar o proxecto “Voz Natura 2013”.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ribeira para financiar o proxecto “Campaña de Promoción do Comercio”.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

10.-Aprobación da modificación da subvención concedida e formalización de convenio coa entidade ACLAD para o financiamento do equipamento e obra de adaptación interior do edificio existente na comunidade terapéutica “Julio Portela”, situada en Fonte do Ouro, na Zapateira, Culleredo.

11.-Aprobación da concesión da subvención e do convenio coa entidade Asociación Provincial de Paraplégicos da Coruña para o financiamento da realización dun curso de informática para persoas con diversidade funcional no ano 2013.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Padrón para financiar as obras de reforma da piscina cuberta municipal, fase I.

13.-Aprobación do proxecto básico e de execución de rehabilitación do Teatro Cine Elma da Pobra do Caramiñal.

14.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o traballo de investigación denominado "Realización dun barómetro de xestión municipal e desenvolvemento dun indicador sobre o impacto do investimento público nos índices de coberturas de servizos municipais.

15.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota para financiar a adecuación da praza de Canedo.

16.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía para financiar a recuperación do patrimonio natural na contorna rural das Brañas da Valga (Anualidade 2013).

17.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muxía para financiar o acondicionamento de camiños municipais en Vilachán, Agranzón, Buiturón e Muxía.

18.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muxía para financiar as obras de refuxio de taxis-Casa do Concello.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

19.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, 5ª fase, que se detalla: mellora da capa de rodadura PK 0+550 ao 3+300 DP Xubia á praia da Frouxeira. Reforzo de firme nas estradas DP 0106 e DP 0804. Mellora da seguridade viaria na DP 3801 e na DP 3802 núcleo Cimadevila.

20.- Aprobación do expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia aceptar a transferencia da titularidade do Concello de Cedeira da estrada "As Pontigas-Santo André" e dar de alta no inventario da Deputación da Coruña a estrada "As Pontigas-Santo André".

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

21.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Español de Montevideo, da República Oriental de Uruguai, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do fogar de acollida.

22.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Español de Montevideo, da República oriental de Uruguai, para o cofinanciamento da adquisición de camas xeriátricas.

23.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade a Nosa Galiza, de Xenebra-Suíza, para o financiamento dos seus gastos de funcionamento do ano 2012-2013.

24.-Solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do imposto sobre actividades económicas para o Concello de Ames.

25.-Informe do cumprimento polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro de loita contra a morosidade das operacións comerciais correspondentes a: 4º trimestre do ano 2012 e 1º trimestre do ano 2013.

26.-Toma de coñecemento do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2013, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, de 6 de xullo de 2010).

27.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/06/2013 e proxección a 31/12/2013.

28.-Aprobación definitiva da conta xeral do orzamento 2012.

29.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na Base 49ª das de Execución do Orzamento Provincial para o exercicio 2013.

30.-Dilixencia de corrección de erro material EMC 2/2013.

31.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3/2013.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

32.-Aprobación do convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa para financiar os cursos de verán na sede da Coruña, ano 2013.

33.-Aprobación do convenio co Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide correspondente á subvención nominativa para financiar o programa de actividades culturais do ano 2013.

34.-Aprobación do convenio coa Fundación 10 de Marzo correspondente á subvención nominativa para financiar o proxecto de investigación, recuperación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2013.

35.-Aprobación do convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago correspondente á subvención nominativa para financiar un Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2013.

36.-Concesión de subvención nominativa ao Club Náutico Portosín para financiar o Campionato do Mundo de Vela da clase PLATÚ 25 e aprobación do correspondente convenio.

37.-Concesión de subvención nominativa á Fundación Real Federación Española de Fútbol para financiar a realización dun Campus de Fútbol e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

38.-Aprobación da modificación da solicitude do Concello de Cerceda dentro da 1ª fase da anualidade 2012 do Plan "DTC 94. Unha deputación para todos os concellos".

39.-Aprobación do proxecto técnico reformado da obra denominada "Obras de reparación nas pistas deportivas da Canle IV, Colexio Monte Caxado, locais das AA.VV de Aparral, Bermui Saa e Abastecemento a Goente" do Concello das Pontes, incluída na primeira fase do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos".

Comisión de Persoal e Réxime Interior

40.-Reorganización 2013: Primeira fase de desenvolvemento.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre as participacións preferentes e débeda subordinada.

-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre a substitución de contadores por parte das compañías de subministración eléctrica.

-Moción sobre a renuncia ao seu cargo de deputado de don Antonio Pereiro Liñares.

-Moción sobre a renuncia ao seu cargo de deputado de don Perfecto Vázquez Lema.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE XULLO DE 2013

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de xullo de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e oito minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Moi bos días a todos, se lles parece, antes de comezar a orde do día, rendemos un minutos de silencio pola catástrofe ferroviaria, lemos dúas declaracións institucionais, que estamos todos de acordo, e a continuación comezamos coa orde do día ordinaria desta sesión. Gardamos un minuto de silencio.

(Gárdase un minuto de silencio).

Sr. presidente

Lemos, Sr. secretario, ás dúas declaracións institucionais.

Sr. secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA POLA CATÁSTROFE FERROVIARIA ACONTECIDA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA NA VÉSPERA DO DÍA DE GALICIA.

Logo do grave accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013, a Deputación da Coruña declara o seu pesar pola traxedia, traslada a súa solidariedade ás familias das persoas que perderon a vida e súmase ao loito decretado.

A Deputación da Coruña quere trasladar tamén o seu afecto ás persoas feridas e á súas familias, e desexa unha rápida recuperación de todas elas.

Despois do accidente, a Deputación da Coruña recoñece de maneira especial o esforzo desenvolvido por todos os profesionais que traballan na atención ás vítimas e ás súas familias.

A cámara provincial expresa tamén o seu recoñecemento ás veciñas e aos veciños de Santiago de Compostela que colaboraron nas tarefas de rescate e ás persoas voluntarias que se ofreceron para prestar apoio ás vítimas, para doar sangue ou a través de calquera outra manifestación de solidariedade.

Por iso, todos os grupos políticos que conforman esta Deputación queren mostrarse unidos, para xuntos compartir o loito inmenso que habita nos corazóns de tanta xente e para dicir grazas a todas as persoas que dun ou doutro xeito prestaron e prestan asistencia e apoio ás vítimas e ás súas familias.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN APOIO AOS TRABALLADORES DA EMPRESA MEGASA (NARÓN).

A inicios do pasado mes de xuño a dirección da empresa siderúrxica MEGASA, situada dende hai máis de medio século no municipio de Narón, comunicaba aos seus traballadores a decisión de pechar a planta de Narón a finais do próximo mes de agosto, se non conseguían un cambio nas bonificacións do sistema de interrumpibilidade, que na súa opinión, están a causar unha situación de competencia desleal por parte de terceiras empresas.

A dirección de Megasa comunicaba aos seus empregados –preto de douscentos postos de traballo directos e máis de mil postos de carácter indirecto- o peche da planta naronesa fixado para o vindeiro 31 de agosto do presente exercicio por mor da grave situación económica na que se colocou á empresa como consecuencia da aplicación das tarifas eléctricas para grandes consumidores, aprobada polo Ministerio de Industria e Comercio en decembro de 2012.

Efectivamente a Orde IET/2804/2012 do 27 de decembro pola que se modifica a Orde ITC/2370/2007 do 26 de xullo que se regula o servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, supuxo na práctica non só a acertada compensación da chamada tarifa G-4 a favor das grandes empresas consumidoras de enerxía a nivel estatal, senón que tamén permite a algunhas empresas, tal e como acontece co grupo catalán CELSA, beneficiarse do rango máximo de retribución provocando unha asimetría no sector metalúrxico que interfere na súa libre competencia.

O peche de MEGASA suporía unha nefasta repercusión para o Concello de Narón, para a comarca de Ferrolterra, e por extensión para a provincia da Coruña.

O peche de Megasa suporía un profundo impacto socio-económico na comarca, con repercusións no conxunto do tecido industrial, comercial, portuario e de servizos dunha comarca especialmente castigada e sensible pola crise que estamos a sufrir.

Por todo iso, a Deputación Provincial da Coruña quere amosar a través desta Declaración institucional o seu respaldo, apoio e solidariedade ao conxunto dos traballadores da empresa siderúrxica MEGASA, instando ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a atopar de forma inmediata unha solución normativa satisfactoria que garanta a libre competencia entre as empresas e que non se produzan discriminacións entre as que operan no sector metalúrxico, permitindo garantir a viabilidade da empresa Megasa e os postos de traballo que xera.

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO SOCIALISTA, DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ.

Sr. secretario

Na Secretaría Xeral desta Deputación recibíuse credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial don Jesús Manuel Campos Díaz, en substitución por renuncia, de dona Amancia Trillo Lago, por figurar como suplente na lista de candidatos presentada polo

Partido dos Socialistas de Galicia, Partido Socialista Obrero Español, ás eleccións locais do 22 de maio de 2011. Por outra banda, don Jesús Manuel Campos Díaz, consonte ao disposto na Lei reguladora das bases de réxime local, formulou declaración sobre causas de posible incompatibilidade sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionen ou lle poidan proporcionar ingresos económicos, reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial.

O Sr. Campos Díaz toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 6/13, DO 28 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 6/13, do 28 de xuño.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 10.801 Á Nº 13.300, DE 2013.

A corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.801 á nº 13.300, de 2013.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE AGOSTO DE 2013.

Por unanimidade, procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase a seguinte proposición tamén por unanimidade:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 30 de agosto;

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2013 celebrárase o día 13 de setembro, venres, a partir das doce horas”.

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

Por unanimidade, procédese a ratificar a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase a seguinte proposición tamén por unanimidade:

“Don Diego CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse, como as contidas na Resolución núm. 15.598, do 3 de outubro de 2012.

Resultando que, consonte coa cláusula décimo segunda do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, aprobado por RP nº 8755 do 13/05/2013 e ratificado polo Pleno do 31 de maio de 2012, correspóndelle á Deputación da Coruña, a designación dun representante na Comisión de Seguimento do devandito convenio,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear representantes da Corporación ao deputado que se indica no organismo que a seguir se relaciona:

COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS

Don Manuel Taboada Vigo.

O deputado nomeado polo presente acordo informará sobre o funcionamento do organismo no que participa en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade dentro del, sempre que sexa requirido polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico”.

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO PARA FINANCIAR O PROXECTO “SALÓN DO CABALO 2012”.

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

Bo día a todos e a todas. Intentar explicar a nosa toma de posición de voto, non só neste convenio, senón en todos os convenios que van hoxe recollidos na orde do día. O BNG quere deixar claro que moitos dos convenios que aquí hoxe aparecen estaría a favor, sen ningún problema, outros non tanto, e outros entende que, ao mellor, non habería que incluílos. En todo caso, nós entendemos que estamos diante dun novo escenario político, estamos diante dun contexto de crise económica, e nunha situación cunhas prioridades ben diferentes ás que había hai moitos anos. E comprobamos con certa preocupación como, Pleno tras Pleno, a política de convenios, de subvencións nominativas, estase convertendo na práctica habitual pola que o Goberno transvasa economías a diferentes entidades para facer diferentes actividades.

Nós cremos que temos que reflexionar sobre esta metodoloxía, que tiña que ser excepcional, e que se está convertendo nun procedemento totalmente ordinario, vemos como se están reducindo continuamente os fondos destinados ás subvencións ordinarias de concorrencia competitiva, onde poden participar todas as entidades culturais, deportivas, todo o tecido asociativo da provincia, todos os concellos da provincia, e estáselles dando cada vez unha maior relevancia, sobre todo moitas máis cantidades de diñeiro, a esta fórmula, que debería de ser unha fórmula extraordinaria, que debería estar xustificada a súa concesión, a súa urxencia, a súa necesidade, etc., etc. Polo tanto, xa falaremos máis adiante sobre as nosas razóns e sobre os nosos criterios no punto do modificado de crédito, pero entendemos que tocaría facer outro tipo de política de subvencións, e que debemos todos os grupos reflexionar sobre os convenios e sobre a grande cantidade de convenios, cada vez máis, que se están concedendo dende a Deputación. Polo tanto, avanzamos que o noso voto en todos os convenios que van recollidos na orde do día de hoxe, vai ser un voto de abstención, e que intentaremos facerlle comprender ao Goberno que ao mellor necesitamos xuntarnos as tres forzas políticas para, sobre todo, falar deste asunto e ver qué decisións tomamos de cara ao futuro. De todas formas, xa digo, expresaremos claramente con máis detalle a nosa formulación no punto do modificado no que van incluídos nada máis e nada menos que dous millóns catrocentos mil euros en convenios. Polo tanto, insisto, a nosa intención aínda habendo convenios que foron propostos por este grupo, vai ser de abstención en todos os puntos dos convenios.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, CIF G15783483, para financiar as actividades no “*Salón do Cabalo. Equiocio 2012*”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 40,77 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414B/481.

3.- Facultar o presidente para a sinatura do presente convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____, en representación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, CIF G15783483**, para o financiamento das actividades no “*Salón do Cabalo. Equiocio 2012*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	59.756,39 €
PREMIOS, TROFEOS E ESPECTÁCULOS	26.577,21 €
PERSOAL E SERVIZOS	47.005,15 €
XUÍCES	4.042,60 €
SECRETARÍA E PRODUCIÓNS GRÁFICAS	18.987,30 €
GASTOS VARIOS	14.889,11 €
FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL	424,33 €
TOTAL	171.682,09 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENHAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 40,77%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,77% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, tiveron lugar entre o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2012.

2. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Do mesmo xeito, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección

dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2013**.

2. Para o caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CLUB
DEPORTIVO EQUIOCIO

DON DIEGO CALVO POUSO”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA FINANCIAR O PROXECTO “AS PONTES APRENDE 2010”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobado o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**, CIF P1507100D, para promover o proxecto educativo medio ambiental “*As Pontes aprende*”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 38.503,52 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 100,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/334A/46201.

3.- Facultar o presidente para a sinatura do presente convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Valentín González Formoso, en representación do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, CIF P1507100D**, para promover o proxecto educativo medio ambiental “As Pontes aprende”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Coordinación e dirección do I Concurso Fotográfico Naturalmente As Pontes, confección da mascota “Moucho” e ilustración do II Contos das Pontes	1.030,00 €
I Concurso de fotografía “Naturalmente As Pontes”	2.973,67 €
Deseño e montaxe da exposición “Naturalmente As Pontes”	19.693,60 €
Libros “Naturalmente As Pontes”	7.931,00 €
Coordinación “Contos das Pontes” e “Festa Aquapark”	6.875,25 €
TOTAL	38.503,52 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 38.503,52 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizáronse entre o 1 de xaneiro do ano 2010 ata o 31 de decembro do ano 2011.

2. O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de PADRÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda de subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de PADRÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de PADRÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de PADRÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de PADRÓN poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de PADRÓN queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100

do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de PADRÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de PADRÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de PADRÓN non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de novembro de 2013 deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de PADRÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da concello de PADRÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PADRÓN

DIEGO CALVO POUSO

ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA”

13.-APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO TEATRO CINE ELMA DA POBRA DO CARAMIÑAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o proxecto BÁSICO E DE EXECUCION DE REHABILITACION DO TEATRO CINEMA ELMA DA POBRA DO CARAMIÑAL , por un orzamento de 670.016,83€ que se redistribuirá con cargo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	PRAZO EXECUCION	IMPORTE
2013	3 MESES	199.980,14
2014	12 MESES	234.969,33
2015	4 MESES	235.067,36
Total		670.016,83

Exceptuar a porcentaxe de anualidades establecido no artigo 174.3 e .5 do Texto refundido das facendas locais.

2) Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, considerárase definitivamente aprobado.”

14.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO "REALIZACIÓN DUN BARÓMETRO DE XESTIÓN

MUNICIPAL E DESENVOLVEMENTO DUN INDICADOR SOBRE O IMPACTO DO INVESTIMENTO PÚBLICO NOS ÍNDICES DE COBERTURAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O 28 de xuño de 2013 aprobouse a formalización do convenio mencionado no asunto do epígrafe.

O 1 de xullo remítense 4 exemplares do convenio á Universidade para a súa sinatura, o convenio ten o n.º 169/2013 do 1 de xullo de 2013.

O 8 de xullo de 2013, a Universidade de Santiago presenta un escrito, á vista do texto do convenio, no que aprecia un posible erro material, xa que indican que o orzamento é correcto na súa totalidade, pero os subconceptos e as cifras parciais non se adaptan ás necesidades reais do equipo de traballo, nin á normativa de xestión económica da Universidade.

Á vista do exposto, e tendo en conta que o cambio non afecta a aspectos substanciais do convenio, e non supón incremento económico, este Servizo propón modificar o acordo plenario n.º 32 do 28 de xullo de 2013 no sentido que a cláusula 2 onde di:

ORZAMENTO ANUALIDADE 2013	
PERSOAL	51.000
Dirección e coordinación do traballo, derivado das visitas, traballo de campo para a obtención dos datos e creación da base de datos propia. Coordinación da redacción do informe final e presentación dos resultados.	15.000
Equipo técnico. Recollida de datos publicados. Redefinición/depuración de ítems para a realización da enquisa de satisfacción dos usuarios dos servizos municipais. Revisión dos datos xa analizados do informe anterior. Elaboración do informe final do barómetro 0 e presentación dos resultados. Extracción de resultados para os 94 concellos da provincia a partir dos novos datos. Compilación e verificación dos indicadores e datos económicos e financeiros de interese.	36.000
COMPRA DE MATERIAL	9.000
Material informático	6.000
Papelería e material funxible	3.000
USO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	9.500
Uso de infraestruturas e servizos	9.500
COMUNICACIÓNS	5.000
Comunicacións	5.000
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	52.000
Traballo de campo: recollida de datos non publicados	19.000
Enquisas en hábitats de menos de 5.000 habitantes	11.000

Enquisas en hábitats de máis de 5.000 habitantes	16.500
Construción de modelo informático de tratamento de datos	5.500
RETENCIÓN USC (15% de 120.000)	18.000
DESPRAZAMENTOS	5.500
Viaxes, peaxes, axudas de custe	5.500
TOTAL 150.000	

Que quedará redactada como segue:

ORZAMENTO ANUALIDADE 2013	
PERSOAL	51.000
Dirección e coordinación do traballo, derivado das visitas, traballo de campo para a obtención dos datos e creación da base de datos propia. Coordinación da redacción do informe final e presentación dos resultados.	15.000
Equipo técnico. Recollida de datos publicados. Redefinición/depuración de ítems para a realización da enquisa de satisfacción dos usuarios dos servizos municipais. Revisión dos datos xa analizados do informe anterior. Elaboración do informe final do barómetro 0 e presentación dos resultados. Extracción de resultados para os 94 concellos da provincia a partir dos novos datos. Compilación e verificación dos indicadores e datos económicos e financeiros de interese.	36.000
COMPRA DE MATERIAL	9.000
Material informático (non inventariable)	6.000
Papelería e material funxible	3.000
COMUNICACIÓNS	6.700
Comunicacións	6.700
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	56.500
Traballo de campo: recollida de datos non publicados	19.000
Enquisas en hábitats de menos de 5.000 habitantes	13.000
Enquisas en hábitats de máis de 5.000 habitantes	17.500
Construción de modelo informático de tratamento de datos	7.000
DESPRAZAMENTOS	7.235
Viaxes, peaxes, axudas de custe	7.235
CUSTOS INDIRECTOS USE (Regulamento de actividades e Servizos de I+D da USC) (15% sobre custos directos)	19.565
TOTAL 150.000	

Así mesmo, no expoñendo n.º 7 do acordo plenario indicado onde di o acordo de subvención adoptouse mediante resolución plenaria do 30.04.2013, debe dicir:

O acordo de subvención adoptouse mediante acordo plenario do 26.04.2013

Na cláusula III apartado 3. Onde di:.....a aplicación orzamentaria 0502/126E/489.01

Debe dicir:..... a aplicación orzamentaria 0502/462A/453.90

Na cláusula VII nos parágrafos 1 e 2 onde di tal como está establecido na cláusula XVI ha de dicir.....tal como está establecido na cláusula XIII”

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA FINANCIAR A ADECUACIÓN DA PRAZA DE CANEDO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carnota para financiar as obras incluídas no proxecto de ADECUACIÓN DA PRAZA DE CANEDO cunha achega de 45.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00%) sobre un orzamento subvencionable de 45.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ADECUACION DA PRAZA DO CANEDO

A Coruña, 8 de abril de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de CARNOTA, D. Ramón Noceda Caamaño

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CARNOTA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CARNOTA con CIF P-1502000-A para o financiamento da obra de ADECUACION DA PRAZA DO CANEDO, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por JOSE CARLOS LEIS CARUNCHO

2- O Concello de CARNOTA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CARNOTA, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	31.252,17 euros
Gastos xerais 13,00%	4.062,78 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	1.875,13 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	7.809,92 euros
PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	45.000 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.000 euros o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/151B/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de CARNOTA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CARNOTA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de CARNOTA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CARNOTA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CARNOTA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CARNOTA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de CARNOTA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos, durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de CARNOTA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de CARNOTA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CARNOTA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CARNOTA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste

prazo adicional non eximirá ao Concello de CARNOTA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de CARNOTA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de CARNOTA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de CARNOTA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CARNOTA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5 Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación seranlles remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CARNOTA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de CARNOTA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de CARNOTA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CARNOTA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 22 de marzo do 2013

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CARNOTA

DIEGO CALVO POUSO

RAMON NOCEDA CAAMAÑO

16.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NA CONTORNA RURAL DAS BRAÑAS DA VALGA (ANUALIDADE 2013).

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de MESÍA para financiar A RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO NATURAL DA CONTORNA RURAL DAS BRAÑAS DE VALGA cunha achega de 30.464,00 euros (que supón unha

porcentaxe de financiamento do 34,09%), sobre un orzamento subvencionable de 89.359,18 €, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/341A/462.01

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NA CONTORNA RURAL DAS BRAÑAS DE VALGA

A Coruña, --- de ----- de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Mariano Iglesias Castro alcalde-presidente do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P-1504800-B, para FINANCIAR A RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO NATURAL DA CONTORNA RURAL DAS BRAÑAS DE VALGA tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por D Julio C.Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños colexiado N°3871.

O Concello de Mesía, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: _____ 62.059,29

GASTOS XERAIS	8.067,71
BENEFICIO INDUSTRIAL	3.723,56
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	15.508,62
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	89.359,18

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 30.464,00 € , o que representa unha porcentaxe do 34,09%
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/171A/762.01_, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo, sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Mesía o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a Concello de Mesía axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Mesía estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Mesía pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Mesía estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Concello de Mesía, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Mesía na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Mesía terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as obras, ao Concello de Mesía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Mesía para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Mesía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Mesía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Mesía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Mesía poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Mesía queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o interese legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Concello de Mesía serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

Vostedes saben que os reparos de fiscalización teñen que ser informados ao Pleno desta Corporación, ao Pleno de todas as corporacións locais, porque así o determina a lei, e saben tamén vostedes que na Deputación esta obriga cúmprese ao presentar a conta xeral, que é onde se da conta ao Pleno dos reparos de fiscalización que se fixeron ao longo do exercicio. Pois ben, vemos que no ano 2012, cuxa conta xeral se aproba neste momento, todos os contratos negociados sen publicidade tiveron reparos de fiscalización, todos, e deste informe hai que dar conta ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas. Moitas veces dende o Grupo Socialista preguntámonos na Deputación que gaña a Deputación con este cambio, nin se axilizan as contratacións, nin se fan mellor as obras, non se gaña absolutamente nada, sen embargo estamos xerando problemas importantes, e vostede, Sr. presidente, asume un gran risco persoal pois se o Tribunal de Contas, ou o Consello de Contas demandan estes expedientes, poderá comprobar que non se cumpre a legalidade na adxudicación destes contratos, pois nin está motivada a utilización do procedemento negociado sen publicidade, nin están xustificadas porque se invita a uns contratistas e porque se exclúe a outros, e poñemos de manifesto nesta conta xeral para que o Grupo de Goberno valore se merece a pena continuar con este procedemento que se utiliza por primeira vez na Deputación provincial, que rompe a tradición mantida por moitos presidentes de moitas cores políticas, do procedemento aberto, e que está convertendo en opaco algo que ata agora era transparente.

De todos xeitos imos votar favorablemente este punto da conta xeral, pero queremos facer este aviso, esta advertencia, para que, se cabe, valórese de novo a posibilidade de seguir utilizando este procedemento ou non.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente, Sres. deputados. En primeiro lugar, o que a conta xeral vén dicir é a solvencia e bo estado financeiro, a boa xestión que a Deputación provincial está facendo cos cartos de todos os cidadáns desta provincia, e iso é o que queda absolutamente claro. Posteriormente veremos, ou aquí tamén o podemos ver, a importante redución de débeda, e a importante baixa precisamente na débeda viva que tiña esta Deputación con respecto ao que xa se tivo noutros anos, lembremos que, se a miña memoria non falla, era ao redor de 93 millóns no ano 2010, no ano 2011 xa se baixou a 78, e neste mesmo ano imos quedar nos 41 millóns de débeda viva, o que vén supoñer que no último ano, por exemplo, da xestión compartida ou bipartita que precedeu a este goberno, a débeda viva situábase nun 50%, e nestes momentos esta débeda viva, cos millóns que leva esta Deputación amortizado anticipadamente, tamén xa llo podo dicir que con este ano, 5 millóns máis que van, estamos nunha débeda viva que rolda o 25%. Polo tanto, eu iso é o primeiro que sinalaría da conta xeral, a boa xestión dos fondos públicos e a boa saúde financeira desta Deputación para despois poder acometer e solucionar os problemas dos veciños desta provincia.

Dito iso, parece ser que este Goberno provincial acaba de inventar o que é o procedemento negociado, parece ser que o Sr. Moreda non coñece tampouco que non só é unha fórmula legal, senón que é unha fórmula que ten moitas vantaxes en diversos ámbitos que agora tratarei de demostrar que así é, e precisamente da

bonanza que está producindo na axilidade de xestión desta Deputación. Tanto é así, que calquera dos seus compañeiros, algúns desempeñan representación de alcalde, vostede tivo representación no Concello da Coruña, utilizan os procedementos negociados como unha forma habitual de contratación nos seus concellos, senón calquera dos seus alcaldes que diga se no seu concello algún ano, dende que é alcalde, non utilizou ese procedemento, ou se vostede, sendo concelleiro, non estivo presente e votou a favor deses procedementos durante todos os anos que así foi, e verá como todos o utilizan porque a lei, non só permite, senón que dá unha serie de vantaxes para determinadas obras e para determinadas cuestións que se deban realizar en calquera administración.

Polo tanto, a min paréceme un pouco de filibusterismo utilízalo cando un está no goberno en institucións nas que teñen competencias de goberno e agora crítico cando outro goberno fai o mesmo nesta Deputación provincial.

Dito iso, eu pódolle dicir en primeiro lugar o que foron as baixas medias desta Deputación nos últimos anos, e pódolle dicir que a baixa media no ano 2009, de presuposto licitado 15 millóns, a baixa media foi do 25,29%, no ano 2010, o 24,27%, no ano 2011, o 28,73%, no ano 2012, o 23,73%, pois este ano 2013, nestes momentos vai no 30% de baixa media, e todos os procedementos negociados a baixa media supera o 26%. Polo tanto, a baixa media está moito mellor que calquera ano e incluso só a baixa dos procedementos negociados é neste caso inferior, o gasto da Deputación ou o aforro da Deputación é mellor que calquera destes anos que lle acabo de ler, e iso é algo aí que está para comprobar.

Dito iso, vostede tamén sabe que hai unha serie de vantaxes, hai que demostrar a solvencia económica e a solvencia técnica desas empresas, evidentemente, o feito de que sexan empresas que radican nun termo próximo a onde se poidan facer as obras de conservación, ou as obras de rozamento, é unha vantaxe lóxicamente de traslado de maquinaria, de persoal, sobre calquera outro procedemento, e dicirlle unha cuestión. Se vostede comproba as obras que leva realizado esta Deputación durante este ano, poderá comprobar que todas as obras que se deron por procedemento negociado teñen nestes momentos acabados os seus traballos, e practicamente o cen por cen das obras que se fixeron por procedemento aberto non o teñen comezado, que mentres unhas asinaron os seus contratos en maio, os outros estanos asinando no mes de xullo. Polo tanto, hai un evidente beneficio para todos os concellos desta provincia que teñen esas obras rematadas no día de hoxe, co cal as obras que non están rematadas acabarán ou empezarán agora, volverá a chover, e cando se dean conta, o traballo deste ano é como se non se fixera, ou como se non se fixera, cando menos, da forma máis adecuada.

Polo tanto eu díxenllo un día, analicemos todos os procedementos negociados e toda a fórmula que vostede tanto critica, cando se acaben totalmente todos os procedementos, e veremos ao final cantos modificados hai que facer ou non hai que facer, cantas liquidacións hai que facer ou non hai que facer, cantas obras están paralizadas, que se quere calquera día tamén o miramos, de procedementos que van a poxa porque un dos motivos moitas veces de que entren en fase concursal moitas empresas e teñan despois problemas coa Administración á que teñen que servir e facer as obras, pois veñen de baixas que son excesivas, de baixas que motivan precisamente que empresas que teñen problemas cos seus provedores non lle dean a

posibilidade de financiarse ou os materiais, e ao final deixan as obras embarcadas. Polo tanto, Sr. Moreda, esa análise terémola que facer ao final do procedemento, pero a primeira análise xa que si nestes momentos podemos facer é que a baixa media deste ano incluíndo todas as que se levaron por procedemento negociado superan en sete puntos a anterior, e superan practicamente en cinco puntos as dos últimos cinco anos, e non só iso, aquí vostede dixo que en prazo non se gañaba, e eu vólvolle dicir, todos os contratos de procedementos negociados están asinados no mes de maio e todos os de concurso ou de poxa están nestes momentos practicamente asinándose, ou acabándose de asinar nas datas nas que estamos, e mentres uns acabaron todas as obras, a maioría das que se tivo que escoller o procedemento de poxa ou outro tipo de procedemento aberto, están sen empezar, cos prexuízos que lle están causando a todos os concellos, que cando necesitan precisamente o seu Plan de conservación, e ter ben as estradas é agora no verán, e cando necesitan ter rozado é tamén agora.

Polo tanto, os beneficios creo que son claros, e vostede meteu este punto aproveitando a conta xeral, o cal dálle a este voceiro do Goberno dicir que a conta xeral o que vén a dicir é a boa saúde financeira e a boa xestión dos fondos públicos desta Deputación, e ademais facendo e reducindo a carga financeira desta Deputación, tal como lle dixen, dun 50% a un 25% en apenas dous anos de goberno. Máis nada, Sr. presidente.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. O ano pasado, no ano que estamos aprobando a conta xeral, o ano 2012, o procedemento negociado sen publicidade supuxo unha perda de economías para esta Deputación de máis de 800.000 euros, e puxémolo de manifesto aquí en varios Plenos, e este ano é certo que se incrementaron as baixas, pero se incrementaron porque as empresas queren traballo e aumentan as baixas, non porque vaia ningún procedemento diferente.

Eu non estou aquí para fiscalizar os alcaldes, os alcaldes téñenos que fiscalizar os seus grupos municipais, nós estamos aquí para fiscalizar o goberno desta Deputación, e non me vale se outros alcaldes utilizan o procedemento negociado, non sei que, eu pódolle dicir que mentres estiveren aquí non houbo nin un só contrato que se aprobase por procedemento negociado sen publicidade, nin un só, porque creo que iso ten que ser a excepción, e non o habitual, e nun momento como o que estamos vivindo, creo que debe de ser máis excepcional, e dixen na miña intervención que o procedemento negociado é un procedemento legal, claro que é legal, pero é un procedemento excepcional, e cada vez que o uses tes que motivalo, tes que dicir porqué utilizas ese tipo de procedemento e non o procedemento aberto, e tes que xustificar por que invitas a unhas empresas e non invitas a outras, porque vostede non dixo que cando utiliza o procedemento aberto hai 42, 52, 36, 40 ofertas para cada obra, e no procedemento negociado vostedes invitan a catro ou cinco, están discriminando a empresas que queren traballar e que non poden presentarse aos concursos da Deputación, pero digo, utilizo e falo deste tema aquí neste punto, porque é a única vez que a Deputación, o Pleno da Deputación recibe a información sobre os reparos de fiscalización, poderíanse traer todos os meses a este Pleno os reparos que houbo no mes, pero a Deputación optou por aprobar nas bases da execución do Presuposto que se agrupasen e se dese conta dos reparos na conta xeral, e estamos aprobando a conta xeral e é o momento que temos para falar destes

temas. E eu simplemente digo, imos votar a favor da conta xeral, e imos votar e é certo que hai unha boa saúde financeira na Deputación, xa a había, e é certo que hai unha boa xestión dos fondos públicos na Deputación, xa se facía, e é certo que se non se modifica a Lei de estabilidade orzamentaria, ao mellor se anula a débeda da Deputación porque teríamos que dedicar os vinte e tres millóns de remanentes de Tesourería que temos do ano pasado, teríamos que dedicalos, se non se modifica a Lei de estabilidade orzamentaria, a amortizar créditos, oxalá non sexa así, se modifique a lei e poidamos destinar os vinte e tres millóns, non a amortizar créditos, que teríamos que pedir outros, que saírían máis caros, e si a facer investimentos no resto da provincia.

En calquera caso, deixo a reflexión, vostedes saberán se merece a pena continuar con este procedemento, imos votar a favor da conta xeral, pero non quixeramos desaproveitar a ocasión, a única ocasión na que veñen ao Pleno os expedientes de reparos, para non falar deles.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente. Reiterarlle, Sr. Moreda, que vostede aparte de ser presidente da Deputación foi concelleiro, e que eu saiba nunca votou en contra cando no goberno no que vostede estaba representado utilizaron o procedemento legalmente establecido, como é o procedemento negociado, que utilizamos todas as administracións, porque a lei se o recolle é precisamente porque ten unha serie de beneficios en determinadas circunstancias que é cando precisamente o usa esta Deputación provincial.

Dicirle un par de datos, primeiro, que máis de 8.258.000 van polo procedemento aberto, que é o procedemento maioritario que se utiliza nesta Deputación, que tamén se utiliza o procedemento negociado, que se utiliza invitando na maioría dos casos a cinco empresas, non as tres que esixe a lei, e en moitos casos incluso sete ou oito, e eu vólvelle a repetir o dato importante para os concellos, das 34 obras, 22 neste caso que tiveron procedemento negociado, están todas rematadas, das obras que foron por procedemento aberto, dez están pendentes de iniciarse, dez, e dúas están iniciándose nestes momentos, pero ben, vostede me dirá se a utilización deste procedemento legal beneficiou á Deputación e beneficiou precisamente a quen debe servir a Deputación, que son os concellos, senón pregúntelles aos seus alcaldes, estean aquí representados ou non, se podendo utilizar un procedemento legal e ter rozado e, neste caso, conservadas as súas estradas, prefire seguir a súa teoría e telas no mes de novembro, outubro, setembro ou cando vexamos que van rematar estas dez obras que aínda non comezaron.

Así que, presidente, volvo repetir, a conta xeral o que vén dicir é a boa saúde financeira e a boa xestión que está facendo esta Deputación, incluso nas adxudicacións, que volvo repetir que no día de hoxe van sete puntos de baixa maior que o que foron no ano 2012, a cinco puntos da media dos últimos cinco anos, máis nada, grazas, Sr. presidente.

Sr. presidente

Pasamos a votación, de todos xeitos quero aclarar que non se cambiou a forma de render conta dos reparos no Pleno da Deputación, para que quede claro, esta é a fórmula que se estableceu hai máis de vinte e pico anos, na que moita xente tivo oportunidades de goberno e sempre o fixo así, e nós continuamos dando conta dos reparos na aprobación da conta xeral, igual que fixeron os presidentes anteriores.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a Conta Xeral do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2012, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirlle á *Dirección General de Coordinación Financiera con las Entidades Locales* a Conta unha vez que se aprobe definitivamente.”

29.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2013.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE ACHEGA
0601/334A/480	Real Academia Medicina y Cirugía de Galicia (1)	Q1568005A	Cursos actualización. Ano 2013	15.000,00
0601/334A/480	Fundación Ortegalia (2)	G15739063	Actividades culturais. Ano 2013	55.000,00

(1) Incrementábase en 7.000,00 o importe da subvención (antes: 8.000,00).

(2) Incrementábase en 15.000,00 o importe da subvención (antes: 40.000,00)

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

30.-DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EMC 2/2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Dar conta do erro material detectado no acordo plenario do devandito expediente, onde figura como fonte de financiamento “Maiores Ingresos” debe figurar “Remanente de Tesourería”

2ª Facer extensivo este cambio da fonte de financiamento ao resto da documentación do expediente, quedando o seu resumo como aparece no informe preceptivo do interventor xeral:

NECESIDADES DE FINANCIAMENTO		FONTES DE FINANCIAMENTO	
Créditos extraordinarios	55.493,00	Baixas por anulación	62.932,24
Suplementos de crédito	839.932,24	Remanente de tesourería	832.493,00
TOTAL	895.425,24	TOTAL	895.425,24”

31.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2013.

INTERVENCIÓN

Sr. Regueira Varela

Ben, imos anunciar o noso voto desfavorable a esta modificación de créditos, que é o seu proxecto de modificación de créditos. Historicamente, nesta Administración pública había un mínimo contacto entre os grupos para, polo menos, consensuar debidamente este tipo de documentos, participábase e había unha rigorosa transparencia no expediente. É certo que este proxecto de modificación de créditos, que son 3.800.000 euros, se non me equivoco, leva, como dicía antes, ao redor de 2.400.000 euros en subvencións nominativas, que o documento que se achega acompañando ao expediente é todo menos transparente, hai que facer realmente un labor de investigación para saber onde van parar esas subvencións nominativas, con qué criterio e para qué actividade. Nós falabamos antes dos convenios, e dicíamos que se está dando prioridade ao convenio, que é unha fórmula que non é precisamente nin a máis transparente, pero si a máis arbitraria, e que sobre todo o que ten é poucos criterios obxectivos en detrimento do que debería de ser o normal, que son os procedementos regulados, ordinarios, as subvencións ordinarias, etc., etc., con concorrencia competitiva, en igualdade de oportunidades, etc.

A maioría dos convenios que leva esta modificación son convenios que poderían ir recollidos nas bases xerais de subvencións para concellos e para entidades culturais, non vemos ningunha razón de excepcionalidade para que se fagan convenios de todo tipo cando a cantidade económica que se pretende aprobar aquí é unha cantidade económica moi importante como para que se puidera habilitar un plan provincial onde puideran concorrer, ou ben todos os concellos, ou todas as entidades que fan traballo cultural, e vemos que, mentres se asinan estes convenios Pleno tras Pleno, e mentres se trae a Pleno este modificado de 3.800.000 euros, nas

subvencións ordinarias cada vez se recortan máis economías, o que está ocasionando graves problemas aos concellos de toda a provincia que ven cómo se lles dá cada vez menos diñeiro para manter servizos de calidade, no ámbito cultural, no ámbito de servizos sociais, da promoción económica, nos deportes, etc., recortáselles diñeiro para os conservatorios, para as escolas de música, para os monitores deportivos, para os monitores culturais, para actividades culturais, para programas de promoción económica, e en cambio despois danse inxentes cantidades de diñeiro para convenios, para actividades puntuais dun ano, dunha semana, dun fin de semana, etc., etc.

Nós cremos, e diciámolo no debate dos orzamentos para este ano 2013, que debemos mirar o investimento da Deputación, os propios orzamentos, con outra mirada, porque os tempos son diferentes a cando aquí había diñeiro para facerlle fronte a todo, para dar subvencións ordinarias, para asinar convenios, etc., etc. Creo que agora cómpre un cambio de política, e nós o que facemos é un convite ao goberno a que falemos entre os grupos e que miremos como no futuro imos orientar estas políticas de apoio a entidades e concellos. Nós dicíamos no debate deses orzamentos que habería que mirar o gasto e o investimento da Deputación desde outro punto de vista, nós falábamos da dor, da xente que lle rouban os seus aforros, que teñen que enganar os seus fillos e fillas para que non saiban que van por un vale de alimentos aos servizos sociais do concello, ou que van recoller comida á cociña económica, da xente, da mocidade, que non ten perspectiva vital de ningún tipo e que ten que coller as maletas, como hai moitos anos e emigrar para buscar un posto de traballo. Nós cremos que hai outras prioridades nesta provincia, e seguramente algúns destes convenios que veñen recollidos no modificado, nós apoiariámoslos sen ningún tipo de rubor, outros seguramente non, pero cremos que non é a maneira máis acaída nestes momentos de investir ou de repartir o diñeiro público. Todas as persoas, todas as entidades, todos os concellos, temos que ter acceso a ese diñeiro público porque a todas as persoas, a todas as entidades e a todos os concellos nos fai falta, porque temos que prestar servizos, porque temos que manter programacións, e porque temos que ter os mesmos dereitos que teñen outras persoas a ter acceso a este tipo de economías, e non é que o diga o Bloque Nacionalista Galego.

Eu voules ler textualmente unha intervención na defensa dunha iniciativa nunha proposición non de lei no Congreso dos deputados, que di o seguinte, fala de que o convenio ten que ser un método ou unha fórmula excepcional para cuestións que non poden entrar noutro tipo de subvencións de carácter ordinario e que, polo tanto, por esa excepcionalidade tense que recorrer ao convenio, di esta persoa que intervén na defensa desta iniciativa, desta proposición non de lei, di o seguinte: “A actual conxuntura económica, marcada por un elevado desemprego, unhas contas públicas non saneadas, require a adopción de medidas de consolidación fiscal que permitan a reactivación, a creación de emprego e a economía produtiva, isto esixirá un proceso de austeridade e rigor e unha profunda análise para evitar que o diñeiro público, que é de todos, sexa maximizado en orde para garantir un uso responsable”, e di “polo tanto, debe acometerse unha reforma da Lei de subvencións que, con carácter xeral, elimine as nominativas e convenios, incremente a transparencia no seu outorgamento e execución, e a avaliación do seu impacto e defina criterios obxectivos para a súa concesión”, que é o que estamos dicindo nós aquí.

Esta proposición non de lei, que foi aprobada maioritariamente no Congreso dos deputados, non a defendeu o portavoz do Bloque Nacionalista Galego no

Congreso dos deputados, nin a defendeu tampouco o portavoz do Partido Socialista no Congreso dos deputados, vén asinada por un tal Alfonso Alonso Aranegui, portavoz do Partido Popular. Se o Partido Popular, mesmo no Congreso, entende que o dos convenios debe de pasar a historia, e que habendo menos diñeiro nas administracións públicas, e habendo máis necesidades ca nunca na sociedade, débese abrir a participación e a concorrência competitiva en plano de igualdade de todos os colectivos e todas as administracións, nós desexamos que o Partido Popular na Deputación da Coruña siga tamén ese criterio, porque cremos que é o momento dese criterio, porque non queremos falar aquí dunhas subvencións nominativas e doutras subvencións nominativas, comparando unhas con outras, porque algunhas son discutibles en todo caso, outras seguramente non, estaríamos de acordo todo o mundo, pero eu creo que é o momento de acabar con esta excepcionalidade que se está convertendo en regra e valorar e reflexionar sobre outras fórmulas que seguramente sexan moitísimo máis xustas para a sociedade, e polo tanto nós imos votar en contra deste modificado porque, primeiro, que non se nos consultou, non sei se ao PSOE se lle consultou algo, ao BNG en absoluto, e que é unha decisión do goberno, e nós terémola que asumir, pero o que non podemos é votar a favor dela. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, con nosoutros tampouco falaron, pero comparto en gran parte a argumentación utilizada polo Sr. Regueira, o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, a pesar de que imos votar a favor, e imos votar a favor por unha razón, porque hai xente que conta con isto, e non nos parece oportuno quitarllo agora. Pero quixera facer algunhas reflexións.

A primeira é que non se incorpora neste expediente de modificación de créditos, a pesar de que é o terceiro que se aproba este ano, e se utiliza por primeira vez, me parece, o remanente de Tesourería de libre disposición, a partida orzamentaria necesaria para abordar unha obra pendente do Plan Mandeo, que é a senda peonil dos Caneiros, sei que se vai facer, que hai o compromiso persoal do presidente, e se vai facer, pero gustaríame que fose incorporado aquí, supoño, e agardo e estou confiado, en que se incorporará o presuposto para esta obra en próximos expedientes.

E máis reflexións, observamos con preocupación como este expediente está envorcado aos concellos do Partido Popular. No pasado mes de xuño poñíamos de manifesto a utilización partidista das subvencións no financiamento dos conservatorios e escolas de música municipais, e hoxe vemos como esta situación se repite. Neste expediente de modificación de créditos destínanse 568.476,96 euros, estou excluindo os 111.000 da estrada de Santiso a Arzúa, 568.476 euros que se dedican a subvencionar a concellos do Partido Popular, agás un, o Concello de Mesía, ao que se lle axuda con 45.000 euros. Todas estas obras que se inclúen nestas subvencións nominativas, podían ser abordadas, como dicía o Sr. Regueira, desde o Plan de obras e servizos que a Deputación ten para os concellos, tanto no campo dos investimentos como no campo do gasto corrente. Observamos tamén que se está utilizando unha técnica que non é boa que se manteña no tempo na nosa opinión, que se está subvencionando a entidades sen ánimo de lucro, e tamén neste caso a confrarías para cuestións que teñen cabida na convocatoria xeral de subvencións, subvencións ás que deberían de acudir.

Entendemos que se poden producir situacións excepcionais non previstas, e de feito, prodúcense, e entendemos que o presidente ten o dereito e a obriga de atender estas situacións excepcionais, pero quixeramos que isto fose cada vez menor, e quixeramos que nos próximos expedientes de modificación de créditos, que sen dúbida haberá, se corrixisen estas situacións, e desde ese ánimo, o voto do Grupo Socialista vai ser favorable a este expediente.

Sr. Ruiz Rivas

Moi brevemente, para dicir un par de cousas. A primeira, se de novo a memoria non me falla, cando collemos o goberno provincial o presuposto da Deputación viña sendo de 170 millóns de euros, aquel primeiro ano tivémolo que reducir a pouco máis de 130, e sen embargo no día de hoxe podemos seguir dicindo que se algo subimos é precisamente o gasto social, é dicir, fomos quen non só de mantelo en relación co orzamento total, senón incluso de subilo, e creo que hai un gran esforzo que se está facendo cos concellos, sobre todo en servizos sociais, de menos de 20.000 habitantes.

E por que digo isto?, porque a min paréceme moi ben o cambio de opinión ou de actitude do Bloque Nacionalista Galego, paréceme ben o cambio de opinión que ten agora con respecto a cando gobernaba, e paréceme moi ben tamén o cambio que ten agora con respecto ao que opinaba en Comisión, porque lembro que en Comisión hai bastantes unanimidades que se rachan aquí en Pleno, entón só habería que mirar ou facer unha comparativa de canto se destinaba ás subvencións nominativas en calquera ano que queiramos escoller, ou os que se levan destinados no ano 2012, ou o ano 2013. Tampouco creo que a ninguén nesta provincia lle poida estrañar que cando hai unha transferencia de capital, ou transferencia corrente a concellos, que os concellos maioritarios sexan do PP, a ninguén da provincia, porque saben todos eles que a maioría dos cidadáns desta provincia están baixo, digamos, en concellos que teñen as siglas populares como as que gobernan, polo tanto iso tampouco debería de estrañar.

Eu simplemente o que quero facer constar deste modificado é que, efectivamente, se financia con remanentes de tesourería, son os primeiros de incorporación voluntaria, queda a gran parte desas posibilidades para próximos plenos, para poder falar con todos os grupos, nós volvemos a brindarnos para así facelo, pero neste caso o que se fixo foi destinar practicamente un millón de euros para novas infraestruturas de saneamentos, de abastecementos, de iluminación pública, así coma de promoción do comercio e turismo, e que o que son gastos que van ir directamente a actividades culturais e deportivas ou a servizos sociais, practicamente levan aos 900.000 euros. Eu sei que poderán gustar máis ou menos determinadas fórmulas legais que se utilizan, pero todos sabemos que moitísimas veces, diría que na maioría dos casos, os cartos públicos están mellor empregados, ou son máis eficientes cando as asociacións sen ánimo de lucro son quen co seu esforzo se dedican a organizar tanto actividades culturais, deportivas, como de servizos sociais. Polo tanto, se soubéramos que as administracións son quen por si mesmas de cubrir todo o que significa a demanda dos nosos cidadáns no ámbito social, cultural e deportivo, posiblemente non existiran o que son esas transferencias correntes a asociacións sen ánimo de lucro, non existirían o que son os convenios ou as axudas ou subvencións nominativas, pero como os cartos son os que son, as

necesidades son as que son, e chegan a eses cidadáns a través destas organizacións sen ánimo de lucro, moitas veces en mellores condicións de eficiencia e eficacia que os fondos directamente xestionados pola Administración, é polo que se fai.

E unha vez máis esta modificación de créditos ao que vén é a destinar un millón de euros a reducir a débeda que, como antes dicía, neste mesmo ano hai unha redución con respecto ao ano 2012 do 12,55%, situándonos en termos practicamente do 25%, moi afastado do máximo legal do 110%. Polo tanto, Sr. presidente, nós si imos votar a favor.

Sr. Regueira Varela

Sempre que escoito ao Sr. Ruiz Rivas a verdade é que o que di paréceme ben, o que pasa é que o que di moitas veces contradíse co que realmente pasa. Aquí se temos que loar ao tecido asociativo da provincia, en todos os sectores da actividade asociativa, imos estar de acordo, cá é o problema?, que aquí dáselles a uns, e a outros non. Se fóra certo o que di vostede e que, efectivamente, nós concordamos, que moitas veces a sociedade está bastante por diante das administracións públicas, e cobre ocos que as administracións públicas realmente están recortando, témoslle que agradecer á sociedade civil organizada. Qué pasa?, que toda sociedade que actúa dentro dun ámbito organizada e todas esas asociacións sen ánimo de lucro que di vostede, deberían ter o mesmo dereito a concorrer nestes 3.800.000 euros, en igualdade de condicións, en concorrència competitiva, cunhas bases, etc., etc., e aquí non é así, aquí asínanse convenios nominativos con algunhas, pero coa maioría non. Pero despois pasa outra cousa curiosa, que di vostede, ben, as subvencións ordinarias e o apoio aos concellos e todo isto, que tamén está moi ben escoitalo, ata soa ben, fíxese. Que pasa?, que despois en concellos de 30.000 habitantes, para políticas de promoción de emprego e de promoción empresarial, esta Deputación dá 1.000 euros, e incluso menos, e para conservatorios 9.000, e despois dá para un curso de informática dunha entidade, ou dun concello, 4.000, 15.000, 20.000, a través dunha nominativa. Iso non nos parece lóxico, parécenos pouco transparente, parécenos pouco xusto, porque entidades hai moitas e de todo tipo. Eu non me estou referindo a entidades con cores políticas, a ver se me entende, eu creo que as entidades teñen dereito a concorrer en pé de igualdade a eses orzamentos que se poñen a disposición, eu creo que debería de ser así.

Non vale recordar sempre ou mirar ao retrovisor, os tempos mudan, as políticas teñen que mudar, e o que se fixo cando había cartos de sobra, insisto, non de sobra, pero moitos, e podíase atender absolutamente a todo, non vale para os tempos de hoxe, hai entidades asociativas que non teñen ningún convenio aquí, que fan un labor extraordinario en moitas partes, en moitos concellos do noso territorio, e que non van ter un convenio, pero ao mellor se puideran ter a opción só de concorrer, ao mellor algo de diñeiro levaba para esa actividade tan importante que están a desenvolver. Polo tanto, coincido coa súa argumentación, pero non coincido co que vai aprobar, fíxese.

Sr. presidente

Pasamos á votación, pero antes gustaríame dicirlle que o que hoxe facemos neste expediente de modificación de crédito é unha reserva de crédito, unha reserva de crédito que, loxicamente, os convenios que se asinen despois ao abeiro desta reserva de crédito pasarán por Pleno e, polo tanto, teñen total transparencia e total información. Di vostede que hai moitas entidades que se quedan fóra da posibilidade de asinar convenios, evidentemente, é certo, igual que as houbo sempre, Sr. Regueira, incluso nos oito anos nos que gobernou o Bloque Nacionalista Galego nesta Deputación, había moitísimas entidades que quedaban fóra. E mire, eu ánimoo a que faga o cálculo en función do número de convenios e, sobre todo, o volume de convenios que se fixeron nos oito anos anteriores, e o volume de convenios que se fan agora, pero fíxese, non en termos absolutos, porque o Orzamento tense reducido bastante, senón en termos relativos, e aí comprobará que a cantidade de orzamento que esta Deputación destina a través de programas como POS, ou DTC, con criterios obxectivos para os 94, agora 93 concellos da provincia, é moi superior ao que o seu grupo destinaba en épocas anteriores, se ten en conta o orzamento que tiñan.

Polo tanto, claro, falar é libre, non ten cancelas, e eu tamén estou de acordo con moitas cousas das que di, o que pasa é que hai que ser coherente, e non se pode dicir unha cousa e practicar a contraria.

E Sr. Moreda, claro, no Pleno de hoxe, eu cando vostede estaba falando, pásame moitas veces con vostede, digo, pero debo ter un problema de audición ou non o entendo, porque claro, no Pleno de hoxe hai catro convenios con concellos do Bloque e do PSOE e catro con concellos do PP, tendo en conta que hai 93, e 59 alcaldes dos 93, son do PP, eu creo que a proporción é bastante boa. No expediente de modificación de crédito, dentro da orde do día, pero fóra deses convenios, hai un par de concellos soamente, e algún leva un convenio de hai moitos anos pendente a ver cando se pode facer, e a ver se finalmente se pode facer. Eu de todas maneiras pódolle asegurar que a obra de Betanzos, como vostede di, esa vaise facer, como lle dixeran ao alcalde antes de final de ano, ben, estamos en xullo, grazas pola súa confianza.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningunha

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 3/2013 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 3.808.050,23 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	686.648,10
SC. Suplemento créditos:	3.121.402,13
Total de aumentos:	3.808.050,23

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería:	3.808.050,23
total financiamento:	3.808.050,23

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos.....

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	354.260,13	0,00
3. Gastos financeiros	10.000,00	0,00
4. Transferencias correntes	1.028.659,82	0,00
5. Fondo continx .e outros imp.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	46.800,00	0,00
7. Transferencias de capital	1.368.330,28	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	1.000.000,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.808.050,23	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	3.808.050,23
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	3.808.050,23

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos establecidos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos establecidos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos establecidos na normativa vixente.”

32.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN NA SEDE DA CORUÑA, ANO 2013.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de **100.000 €**, concedida para financiar os *Cursos de verán na sede da Coruña, ano 2013*, cun orzamento subvencionado de 164.636 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2013*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. César Nombela Cano, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no Orzamento do ano 2013 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (CIF: Q2818022B) para financiar os **Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2013** de acordo co seguinte programa:

Delincuencia xuvenil, conduta antisocial e psicopatía

Gualberto Buela-Casal
Ribeira.- 10 - 12 de xullo

As funcións de axuizamento contable do Tribunal de Contas e as súas relacións co Consello de Contas de Galicia

José Manuel Suárez Robledano
A Coruña.- 15 - 17 de xullo

José Sellier, A Coruña e as orixes do cine en España

José Luis Castro de Paz
A Coruña.- 15 – 18 de xullo

I Curso de dirección de banda “Vila de Ortigueira”

Iván Martínez Sabio
Ortigueira.- 17 – 20 xullo

Obesidade e sedentarismo: que se pode e se debe facer?

Gregorio Varela Moreiras
A Coruña.- 22 – 24 de xullo

A escritura creativa: os seus procesos e aplicacións

José Luis Caramés Lage
Ferrol.- 22 – 24 de xullo

Agricultura, pesca e medio dende a perspectiva do dereito

Ramón Herrera Campos
A Coruña.- 29 – 31 de xullo

Os videoxogos e a educación hoxe: que hai que saber?

Miguel A. Santos Rego
A Coruña.- 3 – 5 de setembro

Xestión sostible da auga: novas tendencias

Joaquín Suárez López
A Coruña.- 10 – 12 de setembro

Medidas de flexibilización e fomento do mercado de aluguer de vivendas.

Perspectivas desde a reforma

Rafael Colina Garea

A Coruña.- 18 – 20 de setembro

Patrimonio industrial, valor histórico e turístico

Natalia Barros Sánchez

Ferrol.- 9 – 11 de outubro

Picasso na Coruña: 1891-1895

Antón Castro

A Coruña.- 15 – 17 outubro

Este programa poderá ter variacións que deberán ser comunicadas previamente á Deputación Provincial da Coruña.

II.- Orzamento da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos:

Honorarios de profesores	58.578.-
Aloxamento e manutención	19.735.-
Viaxes de profesores	34.630.-
Tradución simultánea, autobuses, materiais	1.925.-
Publicidade e difusión	7.567.-
Reprografía e material	2.618.-
Comunicación	1.700.-
Gabinete de prensa	10.183.-
Outros gastos	3.000.-
Limpeza	3.500.-
Persoal actividades	21.200.-
Total gastos	164.636.-

Ingresos:

Concello da Coruña	9.600.-
Fundación Concello da Coruña	3.000.-
Concello de Ortigueira	3.000.-
Asoc.Española Psicoloxía Condutual	1.500.-
Proxecto Ref.DER2010-21596	5.000.-
Grupo GEAMA	1.500.-
Tribunal de Contas	6.000.-
Coca-Cola Iberia	10.000.-
Ingresos dispostos por matrículas	17.647.-
Total ingresos	56.247.-

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **60,74 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,74 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/323A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 30 de xuño do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2013**.

2.- Previa solicitude da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

38.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO CONCELLO DE CERCEDA DENTRO DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC 94. UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación da solicitude do Concello de Cerceda que supón aplicar para o financiamento do gasto corrente do concello a parte da achega provincial destinada ao financiamento de 7 actuacións do apartado B) de honorarios de redacción de proxectos de obras dentro da 1ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña o día 26 de outubro de 2012 e publicada a súa aprobación no Boletín oficial da Provincia número 207, do día 30 de outubro de 2012.

Como consecuencia desta modificación, os datos desta 1ª fase da anualidade 2012 , co seu detalle por aplicacións presupostarias, son os seguintes:

Modificación da 1ª FASE ANUALIDADE 2012 PLAN DTC-94”Unha deputación para todos os concellos	
PARTIDA	DEPUTACIÓN
0501/459G/76201	4.369.695,76
0501/459G/46201	8.695.010,37
TOTAL 1ª FASE DTC 94	13.064.706,13

Con esta modificación, o resumo de cifras globais dos distintos apartados previstos na base 2 nos que se estrutura a 1ª fase da anualidade 2012 do DTC 94 é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura nos anexos I e II a este acordo: anexo I para os apartados A-B-C, e anexo II para o apartado D.

Modificación da 1ª FASE ANUALIDADE 2012 PLAN DTC-94 “Unha deputación para todos os concellos”					
APARTADO		PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	E	0501/459G/76201	4.324.783,66	76.604,26	4.401.387,92
B) HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS	DE	0501/459G/76201	3.864,56	0,00	3.864,56
C) ACHEGAS MUNICIPAIS		0501/459G/76201	41.047,54	0,00	41.047,54
D) GASTO CORRENTE		0501/459G/46201	8.695.010,37	0,00	8.695.010,37
TOTAL 1ª FASE DTC 94			13.064.706,13	76.604,26	13.141.310,39

A aprobación definitiva deste expediente debe quedar condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2013 no que se suplementa crédito adecuado e suficiente para esta finalidade do apartado D) de financiamento de gastos correntes na aplicación presupostaria 0501/459G/46201

2.- O pago da achega provincial para ao apartado D) de financiamento do gasto corrente do concello realizarase de acordo co establecido na base 8, pero cunha ampliación do prazo previsto para que o Concello de Cerceda presente a documentación xustificativa de pagos realizados dos seus gastos correntes, segundo o modelo anexo III ás bases, ata o 30 de novembro de 2013.

3.- Dispoñer a exposición pública da modificación desta 1º fase do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

4.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir coas actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe."

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
MODIFICACIÓN DA 1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

A) Obras e subministracións

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Aranga	12.3280.0001.0	MELLORA E ADECU. DO CAMPO DE FUTBOL DA POSTA	63.690,90	0,00	63.690,90
	12.3280.0002.0	REPA. PISTA MPAL. EN CAMBAS, PISTA DE PORUGUEIRO A CRUCE A RAIZ	33.080,24	0,00	33.080,24
	12.3280.0003.0	REPA CUB. DO CENTRO DE SAÚDE DE MUNIFERRAL	30.292,36	0,00	30.292,36
SUBTOTAL			127.063,50	0,00	127.063,50

Arteixo	12.3280.0004.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: ENTORNO CRUCE CARR. NOSTIAN	44.801,79	7.366,49	52.168,28
	12.3280.0005.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: ENTORNO CENTRO SAÚDE	51.659,89	8.705,85	60.365,74
	12.3280.0006.0	HUMAN. TRV. MEICENDE AC-415: ENTORNO CRUCE PRAZA CONSTITUCIÓN.....	107.100,21	17.411,69	124.511,90
	12.3280.0007.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: ENTORNO R. VICENTE RISCO..	60.321,92	10.045,21	70.367,13
	12.3280.0008.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: ENTORNO CRUC. R. BENEITO VICETO	105.082,47	16.742,00	121.824,47
	12.3280.0009.0	HUMAN. AV. AL. PLATAS VARELA AC-552: ENTORNO CRUC. RÚA CEDEIRA	42.507,34	6.696,81	49.204,15
SUBTOTAL			411.473,62	66.968,05	478.441,67
Baña, A	12.3280.0010.0	LIMPADORA PARA MANTEMENO DE VÍAS MPAIS.	30.597,27	0,00	30.597,27
SUBTOTAL			30.597,27	0,00	30.597,27
Boimorto	12.3280.0011.0	MELLORA CAM. EN CAMPO DA LANZA, LIÑEIRO E OUTROS	78.591,04	0,00	78.591,04
	12.3280.0012.0	MELLORA CAM. EN CASAL, PAZO, CARBALLIDO E OUTROS	37.053,71	0,00	37.053,71
SUBTOTAL			115.644,75	0,00	115.644,75
Boiro	12.3280.0013.0	PAV. DE BERMO, S. RAMÓN E S. MAURO	99.370,00	0,00	99.370,00
	12.3280.0014.0	PAV. DE FONTELA E AREAL	97.875,00	0,00	97.875,00
	12.3280.0015.0	PAV. DE SAR, PESQUEIRA E SEALO	97.337,55	0,00	97.337,55
	SUBTOTAL			294.582,55	0,00
Capela, A	12.3280.0016.0	MELLORAS NA DEPURADORA AUGAS RESIDUAIS DE GUNXEL	30.772,26	0,00	30.772,26
	SUBTOTAL			30.772,26	0,00
Carnota	12.3280.0017.0	OBRAS DE CONSERV. E SEGURIDADE VIARIA EN INFRA. MPAIS	57.495,05	0,00	57.495,05
	12.3280.0018.0	ADECU. E CONSERV. BEIRARRÚAS NA ESTRADA O VISO-PAXAREIRAS	50.088,42	0,00	50.088,42
	SUBTOTAL			107.583,47	0,00
Cerceda	12.3280.0019.0	REPA. ACCESOS A BELSAR E OUTROS	54.419,52	0,00	54.419,52
	12.3280.0020.0	REPA. ACCESOS A PORTOBREA-ESTRADA CERCEDA A ESTANDE	43.246,96	0,00	43.246,96
	12.3280.0021.0	LMTS RBT CAMPO DE PIÑEIRO	70.357,99	0,00	70.357,99
SUBTOTAL			168.024,47	0,00	168.024,47
Cesuras	12.3280.0022.0	MELLORA PAV. CAM. PARRQ. DORDAÑO, BRAGADE E LOREDA	49.987,50	0,00	49.987,50
	12.3280.0023.0	REPA E MANT. CAM. MPAIS. E MELLORA NA ETAP MEDIANTE ...	70.000,00	0,00	70.000,00
	SUBTOTAL			119.987,50	0,00
Dumbria	12.3280.0024.0	ACD. CUB.E DEMÁIS OBRAS ACCESORIAS NO INT. DO POLDVO.DO CONCO-DUMBRIA	80.000,00	0,00	80.000,00
	12.3280.0025.0	REPA. ACC. A COUQUIÑO (OLVEIRA) E OUTROS	99.171,12	0,00	99.171,12
	12.3280.0026.0	REPA. ACC. EN PAZOS E XERPE (SALGUEIROS)	53.218,91	0,00	53.218,91
SUBTOTAL			232.390,03	0,00	232.390,03
Frades	12.3280.0027.0	CONSERV. R. V. MPAL: GALEGOS, MESOS E MOAR	48.801,74	0,00	48.801,74
	12.3280.0028.0	CONSERV. REDE VIARIA ABELLÁ	40.848,15	0,00	40.848,15
	12.3280.0029.0	CONSERV. R.V. MPAL. CÉLTIGOS, VITRE, AIAZO, FRADES E PAPUCÍN	55.046,68	0,00	55.046,68
SUBTOTAL			144.696,57	0,00	144.696,57
Mesía	12.3280.0030.0	REPA. CAM. EN TIEIRA DA BAIUCA (CABRUÍ) E OUTRO	53.150,13	0,00	53.150,13
	12.3280.0031.0	REPA. CAM. FONTE CAPILLAS A BOADO (BOADO) E OUTROS	45.953,73	0,00	45.953,73

	12.3280.0032.0	MELLORA NA REDE DE AB. DE AUGA MPAL.	40.997,36	0,00	40.997,36
		SUBTOTAL	140.101,22	0,00	140.101,22
Moeche	12.3280.0033.0	REPA. IL. PUB. EN VARIOS LUGARES DO CONCELLO	53.846,61	0,00	53.846,61
	12.3280.0034.0	REPA DE INST. ELECTRICAS EN DEPENDENCIAS MPAIS.	33.220,15	0,00	33.220,15
	12.3280.0035.0	REPA CAM. PEDREIRA-PIÑEIRO E OUTROS	30.527,68	0,00	30.527,68
		SUBTOTAL	117.594,44	0,00	117.594,44
Monfero	12.3280.0036.0	REPA. E MANT. DE CAM. DO TERMO MPAL.	160.025,17	0,00	160.025,17
		SUBTOTAL	160.025,17	0,00	160.025,17
Oleiros	12.3280.0037.0	MELLORAS EN STA. CRISTINA	59.641,69	3.139,04	62.780,73
	12.3280.0038.0	TRAT. DE MADEIRA NOS PASEOS MARITIMOS MERA E STA. CRUZ	35.758,82	1.882,04	37.640,86
	12.3280.0039.0	SUM. MAQUINARIA MANT. VIAS	74.477,31	3.919,86	78.397,17
		SUBTOTAL	169.877,82	8.940,94	178.818,76
Ordes	12.3280.0040.0	REPARACIÓN RÚA DE GALICIA	145.952,98	0,00	145.952,98
	12.3280.0041.0	REPA. RÚA CAMPOSANTO E OUTRAS	62.266,15	0,00	62.266,15
	12.3280.0042.0	REPA. IL. PUB. EN VARIAS RÚAS DO NUCLEO URBANO DE ORDES	119.684,79	0,00	119.684,79
		SUBTOTAL	327.903,92	0,00	327.903,92
Oroso	12.3280.0043.0	URB. EN RÚA PORTIÑO (Nº 9 - Nº 23)	76.783,37	0,00	76.783,37
	12.3280.0044.0	REURB. DA RÚA XUNCAL	140.694,02	0,00	140.694,02
		SUBTOTAL	217.477,39	0,00	217.477,39
Outes	12.3280.0045.0	ADQUISICIÓN CAMIÓN LIXO	135.985,85	0,00	135.985,85
		SUBTOTAL	135.985,85	0,00	135.985,85
Paderne	12.3280.0046.0	REBACHEO XERAL DE CAM. MPAIS. NO CONCELLO DE PADERNE	32.304,73	695,27	33.000,00
		SUBTOTAL	32.304,73	695,27	33.000,00
P.Caramiñal	12.3280.0047.0	SUST. REDE DE SUM. NA RÚA LUIS SEOANE	140.000,00	0,00	140.000,00
		SUBTOTAL	140.000,00	0,00	140.000,00
Pontes, As	12.3280.0048.0	REPA. CAM MPAIS. EN SOMEDE, VILABELLA E OUTROS	188.193,43	0,00	188.193,43
	12.3280.0049.0	REPA. CAM MPAIS. EN DEVESO, ESPINAREDO, AS PONTES E O.	174.620,91	0,00	174.620,91
	12.3280.0050.0	OBRAS REPA. PISTAS DEPORT. DA CANLE IV EOUTROS	137.211,77	0,00	137.211,77
		SUBTOTAL	500.026,11	0,00	500.026,11
Sta. Comba	12.3280.0051.0	PAV. V.P. EN FORNOS, TORRE,, CRUCEIRO E OUTROS	111.913,95	0,00	111.913,95
	12.3280.0052.0	PAV. V.P. EN BUXÁN-PARDINEIRA-MALLÓN EN VILARIÑO, S. CRISTOVO	114.330,94	0,00	114.330,94
	12.3280.0053.0	PAV. V.P. EN GULDRIS, O MATO E OUTROS	97.517,26	0,00	97.517,26
	12.3280.0054.0	PAV. V.P. NO CASTRO, NO COUTO E OUTROS	34.407,56	0,00	34.407,56
		SUBTOTAL	358.169,71	0,00	358.169,71
Santiso	12.3280.0055.0	REPA. CM. SOUTO-SILVA (ARCEDIAGO) E OUTROS	57.099,98	0,00	57.099,98
	12.3280.0056.0	REPA. CM. CASAS NOVAS-VIDE (RAIRIZ) E OUTROS	40.105,09	0,00	40.105,09
	12.3280.0057.0	REPA. CM. SAN ROMÁN (CASTRO)-LÍMITE ARZÚA (BOENTE) E OUTROS	36.378,20	0,00	36.378,20
		SUBTOTAL	133.583,27	0,00	133.583,27
Touro	12.3280.0058.0	REPA. CM. IGREXA DE PREVEDIÑOS A LIM. BOQUEIXÓN EN LOUREDA E OUTROS	39.229,92	0,00	39.229,92

12.3280.0059.0	REPA. CM. DE TRUCES A BRANZÁ E OUTROS	32.664,12	0,00	32.664,12
12.3280.0060.0	REPA. CM. DE SAR A MILLARES	37.024,00	0,00	37.024,00
SUBTOTAL		108.918,04	0,00	108.918,04

TOTAL APARTADO A)	4.324.783,66	76.604,26	4.401.387,92
--------------------------	---------------------	------------------	---------------------

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
MODIFICACIÓN DA 1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

B) Honorarios redacción de proxectos

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Capela, A	12.3280.0201.0	HONORARIOS REDACCIÓN PROX. MELLORAS DEP. GUNXEL	900,00	0,00	900,00
SUBTOTAL			900,00	0,00	900,00

Moeche	12.3280.0209.0	HONORA REDCC. PROY. REPA. IL. PUB. EN VARIOS LUGARES	1.357,47	0,00	1.357,47
	12.3280.0210.0	HONORA REDCC. PROY. REPA.INT. ELECTRICAS EN DEP. MPAIS	837,48	0,00	837,48
	12.3280.0211.0	HONORA REDCC. PROY. REPA.CAM. PEDREIRA-PIÑEIRO	769,61	0,00	769,61
SUBTOTAL			2.964,56	0,00	2.964,56

TOTAL APARTADO B)	3.864,56	0,00	3.864,56
--------------------------	-----------------	-------------	-----------------

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
MODIFICACIÓN DA 1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO I : APARTADOS A - B - C

C) Achegas a outros plans, programas ou convenios

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ACHEGA DEPUTACION	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Cabanas	12.3280.0301.0	ACHEGA MPAL. PROG. CONSERV. RECURSOS NATURAIS	10.535,76	0,00	10.535,76
SUBTOTAL			10.535,76	0,00	10.535,76
Oza dos Ríos	12.3280.0302.0	ACHEGA MPAL. CONVENIO DEPUTACIÓN "MELLORA FIRME CAM. EN OZA"	23.011,78	0,00	23.011,78
SUBTOTAL			23.011,78	0,00	23.011,78
Paderne	12.3280.0303.0	ACHEGA MPAL. CONVENIO 201/2012 CAM. PENADAGUÍA	7.500,00	0,00	7.500,00
SUBTOTAL			7.500,00	0,00	7.500,00
TOTAL APARTADO C)			41.047,54	0,00	41.047,54

DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS
--

MODIFICACIÓN DA 1ª FASE ANUALIDADE 2012

ANEXO II : APARTADO D

D) Gastos correntes

CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A GASTOS CORRENTES
Ames	382.245,04
Aranga	75.000,00
Ares	157.008,22
Baña, A	176.046,23
Boimorto	60.000,00
Boqueixón	192.207,44
Brión	205.896,90
Cabanas	142.612,70
Camariñas	165.015,56
Capela, A	105.814,43
Carnota	61.791,84
Cerceda	89.991,76
Cesuras	56.798,21
Coiros	133.702,02
Corcubión	99.188,53
Coruña, A	1.703.650,66
Dodro	103.832,69
Frades	41.153,54
Laxe	194.468,55
Lousame	183.180,83
Mesía	57.648,45
Moeche	9.832,22
Monfero	101.298,97
Muxía	231.693,57
Narón	426.593,84
Negreira	266.001,19
Noia	211.414,79
Oleiros	196.734,77
Outes	83.154,18
Oza dos Ríos	146.777,31
Paderne	92.500,00
Pino, O	248.511,48
P.Caramiñal	37.883,12
Pontedeume	188.378,14
Ribeira	324.443,28
Rois	208.811,61
Santa Comba	42.196,19
Santiso	64.085,67
Somozas, As	251.199,31
Tordoia	219.098,51
Touro	120.759,93
Valdoviño	207.888,56

Val do Dubra	207.066,79
Vedra	180.474,44
Vilarmajor	107.813,07
Vilasantar	133.145,83
TOTAL APARTADO D	8.695.010,37

39.-APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMADO DA OBRA DENOMINADA “OBRAS DE REPARACIÓN NAS PISTAS DEPORTIVAS DA CANLE IV, COLEXIO MONTE CAXADO, LOCAIS DAS AA.VV DE APARRAL, BERMUI SAA E ABASTECIMENTO A GOENTE” DO CONCELLO DAS PONTES, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada “Obras de reparación nas pistas deportivas da canle IV, Colexio Monte Caxado, locais das AA.VV. de Aparral, Bermui e Saa e Abastecemento a Goente”, do Concello das Pontes que foi incluída na primeira fase do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, código 2012.3280.0050.0, aprobada na sesión plenaria realizada o día 26 de outubro de 2012, cun presuposto de contrata de 137.211,77 euros, xa que introduce algunhas modificacións nas actuacións que alteran internamente o seu contido, aínda que non varía o orzamento total da obra.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
As Pontes	2012.3280.0050.0	Obras de reparación nas pistas deportivas da Canle IV e outros”	137.211,77	0,00	137.211,77

40.-REORGANIZACIÓN 2013: PRIMEIRA FASE DE DESENVOLVEMENTO.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Propoñen vostedes aquí unha reestruturación do organigrama da Deputación, nós entendemos que todo Goberno ten dereito a avaliar a configuración dos seus servizos e a traballar nas reestruturacións que correspondan, pero o problema que nos traen vostedes aquí, ou a cuestión que nos traen vostedes aquí é unha reestruturación que se argumenta coa falacia esta do economicismo tan recorrente nas políticas do Partido Popular. Todos coñecemos o discurso de que hai que adelgazar a Administración, evitar duplicidades, aforrar diñeiro, e en nome de todo iso propónse tamén unha reforma local, e en nome de todo iso tamén nos traen vostedes aquí a reestruturación desta Administración pública.

Pero imos comezar polo tema económico, canto aforra a Deputación con esta reestruturación?, amortízanse dezanove prazas co que aforramos 443.992 euros, pero a creación de novas xefaturas, técnicos de xestión, transformación de prazas, supoñen un custo de case 630.000 euros, o que significa que incrementamos o gasto de persoal en máis de 185.000 euros, isto sen esquecer as catro direccións de área, recentemente creadas, que viñeron a este Pleno. É dicir, pérdense dezanove prazas, dezanove postos de traballo, aos que habería que engadir outras tres prazas amortizadas anteriormente, e a maiores incrementamos o gasto de persoal, isto realmente, en fin, é unha forma ben curiosa de adelgazar a Administración e de aforrar gastos e diñeiro público, onde está o aforro e o adelgazamento da Administración se con iso imos perder emprego, dezanove prazas, dezanove postos de traballo, e gastar máis diñeiro?, é unha medida acertada supoñemos que para as persoas que vaian cobrar un maior salario, pero é unha medida totalmente desatinada no contexto de desemprego dramático que estamos a vivir.

A maiores da cuestión económica e do adelgazamento da Administración, que orienta toda esta política, dísenos que actualmente na Deputación da Coruña hai unha dificultade relevante para realizar o traballo a nivel de excelencia, óptimo, motivado sobre todo pola falta de coordinación e transversalidade, que non hai boas canles de comunicación, de coordinación, entre os servizos, etc., etc. A verdade é que o curioso, porque se se analiza o volume e a complexidade dos diversos plans provinciais que se desenvolvían hai anos, que se executaron hai anos en anos de bonanza económica, así como o volume de programas de subvencións que houbo ao longo dos últimos tempos, pois ben, é difícil que naquel momento se levara a cabo tanto traballo e dunha maneira tan eficiente, e agora que hai menos diñeiro, menos plans, menos subvencións, menos de todo, teñamos un problema de coordinación e de problemas para sacar adiante ese traballo. Pero ben, a reestruturación orgánica sempre é mellorable, e eu supoño que vostedes fano con ánimo de mellorar, pero realmente o que se presenta aquí é unha emenda á totalidade de cómo estaba configurado o organigrama desta Deputación, e nós hai en cuestións que incluso de organigrama, non podemos estar de acordo. O Grupo de goberno pode, quere e modifica o organigrama, pero o BNG entende que hai cuestións que se modifican aquí que non obedecen a ningún criterio lóxico. Por exemplo, por poñer exemplos concretos, se entendemos que a Unidade de Normalización Lingüística, como un servizo provincial que é, debe de traballar en rede cos concellos, cunha función de cooperación cos concellos da totalidade da provincia, e con obxectivos que vaian máis alá da tradución de documentos, que xa era propia da Deputación, o normal é que este Servizo estivese dentro dos servizos provinciais, e non encadrada dentro dunha área de funcionamento interno da Deputación como é a Sección de Actas. Imos ter un Servizo de Normalización, de dinamización lingüística, tan importante para a provincia, como algo que está aí axuntado ao tema de actas para servir como meras traducións. A imprenta, por exemplo, que debería de ser un servizo provincial que lle dera servizo, valla a reiteración, aos 93 concellos da provincia, e non un servizo que está nestes momentos a disposición, perdoen ao mellor a brusquidade, duns cantos concellos, no día de hoxe aínda non nos pasaron vostedes os datos que nos ían pasar xa en dous Plenos, de cales foron os traballos que se editaron, e a qué concellos pertencían, etc., etc., aínda non temos esa relación de libros e publicacións.

Por outra parte, os dous servizos que figuran na área de desenvolvemento económico, turismo e medio ambiente, entendemos que deberían de encaixar na área de acción territorial, non vemos ningunha razón para que os servizos que contempla

esta área non poidan estar encadrados dentro da área de acción territorial. Curiosamente uns destes servizos chámase, denomínase, Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, polo tanto, entendemos que o encaixe debería de estar aí.

Ademais entendemos que todos os servizos de asistencia a concellos, asistencia xurídica, económica, técnica, etc., debería de conformar un servizo singular dentro do organigrama da Deputación cunha única dirección, e mesmo cun servizo de asistencia urbanística, con persoal distribuído incluso polo territorio, a ser posible.

En todo caso, tamén nos chama a atención que ao noso gabinete chegou un documento da sección sindical, neste caso da UXT, onde din que o que traemos hoxe a Pleno non coincide co que se negociou na Mesa de Negociación, nós non sabemos, tamén nos chegou unha xustificación por parte do Servizo poñendo algunha obxección ao que di a UXT e dicindo que si, que pode haber diferenzas en cuestións non esenciais, pero ben, nós cremos que antes de aprobar isto debería quedar perfectamente clarificado se o que di UXT é certo, se non é certo, ou que hai de fondo en toda esa cuestión.

E tampouco, e aquí xa vai o final, e seguramente a razón de máis peso para non poder apoiar esta reestruturación, non entendemos como a Deputación non pode agardar a que se aprobe definitivamente a Lei da función pública que está pendente de aprobación por parte do Goberno do Estado, se hai unha lei de inminente aprobación, que vai marcar moitas das cuestións que teremos que poñer en práctica a nivel administrativo nos nosos concellos e tamén na Deputación, o prudente sería agardar a que coñezamos o texto desa lei e que nós adaptamos as nosas resolucións e as nosas decisións de goberno ao texto, ao novo marco legal.

E por último, xa para rematar, e disto xa falamos aquí en varias ocasións, temos e seguimos tendo grandes dúbidas de carácter legal respecto do cumprimento do que establece a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2013. Se lemos o artigo 22 e os apartados 1 e 2 do artigo 23 dos Orzamentos xerais do Estado, déixanos unha inmensa dúbida sobre os aspectos legais desta reestruturación, eu supoño que vostedes terano máis claro, nós non. Pero nese documento dísenos que está prohibido incrementar as retribucións, é unha lectura ben fácil, ben sinxela, ben directa, é dicir, queda expresamente prohibido por lei incrementar as retribucións, e logo tamén queda prohibido incorporar novo persoal, con excepcións de policía local, persoal de prevención e extinción de incendios, e nalgúns entidades tamén persoal que se dedica a tarefas de asesoramento xurídico, xestión e control de asignación eficiente dos recursos públicos, etc., etc. Sinceramente, nós cremos que pagaría a pena agardar a ter o texto que modifica a función pública, e tamén nos gustaría que todas estas cuestións que acabamos de relatar neste último parágrafo quedaran máis claras.

Por todas estas razóns, o BNG non vai votar a favor desta reestruturación orgánica.

Sr. Fernández Moreda

Efectivamente, tal e como dicía o Sr. Regueira, onte fíxosenos chegar pola Sección sindical da UXT un escrito que foi dirixido ao secretario xeral da Deputación e

aos tres portavoces do Grupo Popular, do Grupo Socialista e do Grupo Nacionalista, onde se di que facendo unha comparación remitida e negociada na Mesa xeral e a documentación remitida para ditame da Comisión de Persoal e Réxime Interior, pódese constatar a presenza de elementos novos que non foron obxecto de negociación na mesa xeral de negociación dos empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña, o que supón o incumprimento do ordenamento xurídico. Esta mañá déusenos poucos momentos antes de comezar o Pleno un informe dicindo que todo está ben, e eu supoño que está todo ben, e desde este punto de vista non solicito que se retire este punto da orde do día, porque entendo que se pode discutir porque hai plena harmonización entre o que se lles deu aos sindicatos e o que se nos dá a nosoutros.

Con respecto ao punto teño que dicir que o noso grupo votou en contra na sesión do Pleno do 31 de maio á reestruturación orgánica e, en consecuencia, tamén neste Pleno imos votar en contra da proposta que hoxe se nos trae a debate e votación porque é unha continuación dela. Nese Pleno cualificaba a proposta de pouco prudente, pois nun escenario de cambios lexislativos como o que estamos vivindo, o prudente, e o lóxico, e o razoable, é esperar a saber como vai quedar a Deputación e despois tomar as medidas precisas para adaptar a organización a eses cambios.

O pasado venres o Consello de Ministros aprobou o proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais, proxecto de lei que terá unha longa e auguro que dificultosa tramitación parlamentaria, e que vai afectar ás competencias, ás funcións, e ao futuro das deputacións provinciais. Non hai, dende o punto de vista do Grupo Socialista, ningunha urxencia, nin nada que non xustifique o esperar á aprobación desta lei, pois esta Deputación coa estrutura organizativa actual funciona perfectamente, ata o punto de que é a deputación máis eficaz de Galicia, a que presta máis e mellores servizos aos concellos da provincia e a máis saneada financeiramente, e está considerada entre as cinco mellores deputacións de España, e isto conseguiuase con dous factores, unha dirección política adecuada e unha administración provincial eficaz e profesional. Se funcionou durante moitos anos, ata o punto de que esta Deputación foi referente para moitas deputacións de España, ben pode seguir funcionando así ata que se aclare cales van ser as funcións e as competencias das deputacións no futuro. Se agora non é eficaz, e por iso quérese cambiar, a pesar de que non é prudente nestes momentos, haberá que pensar que falla, non a organización administrativa, senón que falla a dirección política. Non podemos votar favorablemente algo que se fai de forma inoportuna, esperemos a que se aprobe a Lei de racionalidade e sustentabilidade das administracións locais e nese momento, sabendo como vai quedar a Deputación, fixemos os obxectivos estratéxicos da Deputación para os próximos anos e adaptemos a organización para poder alcanzalos, actuar doutra forma, desde o noso punto de vista, é imprudente.

Xustifican vostedes esta modificación co obxectivo de transformar a Deputación nunha administración máis moderna que desenvolva as súas competencias con maior eficacia e eficiencia. É contraditoria esta afirmación coa proposta, esperemos a que se efectúen os cambios lexislativos e actuemos despois para facer máis eficaz e máis eficiente a Deputación en función das novas competencias e funcións. Nós compartimos a idea de gañar maior eficacia e eficiencia, e se para iso é necesario abordar cambios na organización, estaríamos dispostos a estudalos e consensualos. Esta é a segunda razón que nos leva a votar

en contra da proposta que hoxe traen a Pleno. Cando se trae unha reforma de gran calado, e esta é unha reforma de gran calado na Deputación, búscase sempre que teña unha vixencia no tempo, que sirva para este goberno provincial e que sirva para os gobernos provinciais que vai haber noutros anos. Este debate, esta reforma que se fai é unha reforma que quizais conveña ao goberno provincial de agora, pero non é a reforma que pode precisar a Deputación. Vostedes aprobaron o 31 de maio o proxecto de planificación estratéxica 2013-2015, que inclúe o plan de obxectivos para os anos 2013 e 2015, e agora abordan unha reforma administrativa que ten un prazo de caducidade, o ano 2015, cando acabe este mandato, porque non foi consensuada, porque non se busca o consenso de todos os grupos políticos para facer algo que teña permanencia e vixencia no tempo, e que valla para un goberno dunha cor e que valla para un goberno doutra cor.

Vostedes teñen maioría absoluta, poden facer o que queiran con esa maioría absoluta durante o seu mandato, pero aquelas cuestións que van máis alá dun mandato, o lóxico, o razoable, o sensato, é discutilas e consensualas, que se definan nesa discusión, nese consenso, non os obxectivos do mandato, os obxectivos dos mandatos temos que definir o goberno, senón os obxectivos estratéxicos que debe de alcanzar a Deputación nos próximos anos, e en función diso, preparar e adaptar os efectivos da administración provincial para conseguir eses obxectivos, e vostedes non falan con ninguén, nin co Grupo Socialista, nin co Grupo do Bloque Nacionalista Galego, e era ben fácil, falar e buscar un consenso. O Sr. Regueira facía varias iniciativas, que poden ser ou non razoables, pero que merece a pena estudalas e analizalas, senón hoxe nos presentan un feito consumado, non fixeron o máis mínimo intento de falar cos grupos políticos que integran esta Corporación, e non é así, na nosa opinión polo menos, como hai que abordar estas cuestións.

Preséntase tamén esta reforma como de custo cero, e isto non é certo, isto é un artificio contable, pero non é certo. Sen contar o que custa a creación das direccións de área, que xa vimos no Pleno de maio, esta reforma custaralle á Deputación 629.165,73 euros cada ano, 460.154,70 é o custo anual dos postos de nova creación, 17.009,42 o custo da transformación de postos, 150.978,49 o custo da variación do complemento específico, e 1.023,12 o custo da variación do complemento de destino, en total, 629.165,73 euros de maior custo anual. Unha reforma inoportuna e innecesaria nestes momentos, que lle custa á Deputación case 630.000 euros ao ano. Esta reforma é canto menos, na situación e nos tempos que estamos vivindo, impertinente socialmente.

A min gustaríame que retiraran esta proposta, ao Grupo Socialista gustaríalle que retirase esta proposta, e polo que lle escoitei, ao Grupo do BNG gustaríalle tamén. Esperemos a que se aprobe a Lei de racionalidade e sustentabilidade, esperemos a saber a ciencia certa cal vai ser o futuro das deputacións, non vai durar máis dun ano, temos unha administración hoxe eficaz e eficiente que funciona perfectamente, esperemos e abordemos os cambios de forma consensuada, despois de fixar entre todos, non os obxectivos do mandato, que son obxectivos que teñen que asinar e teñen toda a lexitimidade vostedes para definilos, os obxectivos estratéxicos da Deputación de cara aos 10 ou 15 anos que veñen por diante. Entón, se se fai así, contarían co voto favorable do Grupo Socialista, se non é así, déixenme dicirlles que con esta reforma que vostedes propoñen, poderá servir aos intereses do Partido Popular, pero non serve aos intereses da Deputación provincial.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente, en primeiro lugar, e antes de empezar a miña exposición, dicir que efectivamente onte chegaba un escrito dun sindicato que facía constar que previsiblemente o documento non era o mesmo que aprobaran na Xunta de Persoal. A área púxose en contacto con este sindicato, non puxo enriba da mesa cales podían ser esas diferenzas, e hoxe, como dicían os dous grupos, como dicía o Sr. Moreda, pois tanto polo director de obra como a xefa do servizo e xefa da sección, infórmanos que, efectivamente, o documento que hoxe traemos aquí coincide co documento que aproba a Xunta de Persoal, sen ningún voto en contra, cunha abstención, neste caso, de Comisións Obreiras, ou o que é o mesmo, o voto favorable de todo o mundo, excepto o voto neste caso de abstención de Comisións Obreiras, pero isto vén dun Plan estratéxico, e dun Plan estratéxico que si foi aprobado por unanimidade por todos. Polo tanto, algo se ten falado, sobre todo coa casa, co seu persoal, con quen mellor coñece o traballo desta casa, con quen mellor coñece o que poden ser os problemas e o que poden ser as solucións que burocráticamente hai que dar aos asuntos que aquí se tramitan.

Pois ben, empecemos logo e miremos que pretende o Goberno. Hai dúas posibilidades, ou o inmovilismo, e que nos leve a corrente, ou adaptarse aos tempos. Ninguén pode esperar que a xuventude de hoxe faga o que faciamos nós hai vinte anos, en ningún negocio, ningunha actividade, practicamente, salvo nalgún caso concreto, faise o mesmo que se leva facendo hai dez anos ou hai quince, e máis cunha sociedade mutante, cuns cambios tecnolóxicos importantes, cuns cambios lexislativos que están aí, e o feito de que Deputación puidera seguir facendo o mesmo en principio sería un erro, non hai que ser inmovilistas, hai que mirar en que podemos progresar e botar para adiante andando ese progreso. Parece que o Sr. Moreda confórmasse con ser o quinto mellor valorado, non sei se subiríamos na clasificación en solvencia económica, supoño que se despois deste avance deste ano e unha redución tan drástica da nosa débeda, supoño que igual estamos mellor situados, pero vostede parece que quedando de quinto, dálle igual se o quinto é moi bo, é regular ou é malo, a nós non é o posto, si aspiramos a ser os terceiros, os segundos ou primeiros, o que nos interesa é quedar de quintos pero xogar ben, gañar máis puntos ca o ano anterior, e que aínda por riba isto sexa máis rendible e que teñamos unhas bonanzas económicas importantes co que esteamos a facer. Polo tanto, creo que o único que podíamos facer é movernos, e iso foi o que fixo a Deputación provincial, iso foi o que fixo toda a casa e os seus sindicatos, primeiro, a partir dun plan estratéxico, e segundo a través desta primeira fase de desenvolvemento.

Por certo, nalgún caso xa nos movemos, Servizo de Informática e Sistemas, onde claramente se puido ver a mellora, o aforro e a ganancia para esta Deputación na eficacia e eficiencia, polo menos xa vemos que cando se fai algo e se fai con criterio e escoitando aos profesionais, pódese facer ben e mellorar, cando menos, non o posto, pero si que o quinto o faga mellor do que o viña facendo.

Dito isto, vostedes din, esperen a que se acabe a lei, o trámite parlamentario, e cambiemos, e despois empezamos todo este proceso, previsiblemente perderemos un ano. Nós dicimos todo o contrario, sabemos o que aprobou o Goberno, sabemos as liñas que si non se van cambiar nese trámite parlamentario, e que as deputacións van ter unha maior competencia, unha maior responsabilidade e apoio aos concellos, e determinadas áreas van ter necesariamente que cambiar a súa forma de actuar,

podemos esperar, nós dicimos non, esteamos adaptados ao tempo actual e, aparte, esteamos adaptados ao que poida vir dentro dun ano, e é o que facemos, e facémolo dunha forma, como vostede dicía, que sirva só ao Partido Popular, ou que sirva só a este Goberno, non. Todo o que aquí se está facendo sae precisamente das propostas desas unidades, en moitos casos asinados por todos e cada un dos seus responsables, pero todas as propostas do que aquí se vén facendo, sae destas unidades, e a partir de aí son as propias unidades, que saben onde está a súa ineficiencia, que saben onde pode haber duplicidades, que saben, en definitiva, que é a forma de reorganizar mellor para que esta Deputación funcione mellor. Pois ben, pénsase que é mellor sete áreas, como no seu momento, Sr. Moreda, dirixindo vostede pensou que era necesario cambiar, por exemplo, a área de Vías e Obras, fíxoo, pois agora se pensa que non ten que haber simplemente unha área dedicada aos concellos, senón que toda a estrutura desta Deputación debe de estar orientada a esa máxima que é prestar servizo aos concellos, independentemente de que leve esa terminoloxía ou non, e é o que se fai, e é o que estamos a facer.

Polo tanto, hai unha planificación estratéxica aprobada por unanimidade, dentro desa planificación estratéxica hai un plan de desenvolvemento, que é este, esta primeira fase que traemos hoxe a este Pleno, que ten unha abstención na Xunta de Persoal, e o apoio de todos o resto de integrantes desa Xunta de Persoal, que nace das propias propostas desas unidades, e cando menos, nós imos seguir téndoo en conta. E din vostedes, isto vai saír en 629.000 euros máis caro, non é verdade, iso é o custo, pero o custo, non di vostede os ingresos, non di catrocentos e pico mil das amortizacións que se dan, non, iso non o din, entón, claro, só gastamos e non producimos un aforro por outro lado?, o que si é verdade é que sobre o presupostado este ano hai unha rebaixa de 100.000 euros, porque a diferenza desa amortización vén con parte do que está presupostado, que non é necesario aínda por riba, gastar todo o que este ano viña presupostado. Polo tanto, eu dígolle, que igual que imos facendo unha administración máis áxil e non tan grosa ou tan gorda, como se queira dicir, como viña antes en número de efectivos, tamén se vai seguir producindo o aforro que se produce en gastos de persoal nos últimos anos, e se verá ao longo do 2014 e 2015 como eses gastos dedicados a persoal poden ir reducíndose.

Polo tanto, nós pensamos claramente que estas sete áreas organizativas novas, catro xa existían, estaban dirixidas por funcionarios desta Deputación, van servir para que este organismo siga representando a quen debe representar, aos seus cidadáns da provincia e aos concellos da provincia. Vostedes queren que quedemos inmóbiles, nós pensamos que a mellor forma é adaptarse aos tempos e adaptarse aos cambios. Vostede dicía, “a Deputación provincial sempre foi un referente para outras deputacións”, se facía o mesmo ca os demais, non podía ser referente, polo tanto imaxino que tamén esta Deputación, e baixo a súa presidencia, fixo cousas que non facían os demais, e esta Deputación volverá a ser referente nestes cambios organizativos, porque somos os primeiros que damos ese paso, porque ese paso faise coa anuencia, non só dos representantes dos traballadores, senón tamén cos informes das unidades e, polo tanto, nós non temos moito máis que dicir, que non imos quedarnos parados cos tempos, os tempos esíxennos cambios, eficacias, eficiencia, novas formas de gobernar e aforros, e todos eles danse no que hoxe imos aprobar con esta primeira fase de desenvolvemento do que foi o Plan estratéxico. Máis nada, presidente.

Sr. Regueira Varela

Móvanse, non hai ningún problema, esa referencia a Bob Dylan con “os tempos están cambiando”, está moi ben, móvanse, o que pasa é que non todos entendemos que se deben mover para onde se están movendo, moverse está ben, pero hai que moverse tamén cando a un lle toca moverse, hai veces que é mellor estar quietiño. Vostede dixo unha cousa que a min preocúpame, vostede acábase de cargar a práctica parlamentaria do Estado, di que como vostedes xa saben o que vai pasar coa lei, a pesar de que teña trámite parlamentario, pois entón xa lles diremos aos grupos parlamentarios que non vaian alí, non hai nada que debater, non hai nada que propoñer, non hai nada que facer, é dicir, xa o Goberno sabe que vai ignorar absolutamente todo o que lle digan no Parlamento sobre esa lei, a min isto paréceme preocupante, ás veces hai cuestións que son curiosas escoitalas. Eu supoño que a lei algo cambiará, supoño que vostedes saberán da lei, ao mellor saben algo máis ca nós, porque teñen contacto directo coas persoas que a redactan, e coas persoas que están facendo iso, que pertencen á mesma forza política que vostedes, entón terán máis información que nós, pero a lei pode mudar, no Estado español están mudando moitas cousas, ao mellor mudan moitas máis das que nos parece a nós, de aquí a aló, eu creo que o prudente, se esta casa funciona relativamente ben, sería agardar. Non estamos dicindo que non teñan que facer nada, evidentemente pódense facer pequenos cambios, retoques, pero vostedes están facendo un *órdago* a maiores, están cambiando todo.

E que hai de certo en todo iso?, que se vai gastar máis diñeiro?, é certo, que se incrementan retribucións?, é certo, que se destrúe traballo?, é certo, iso é así, que hai dúbidas sobre se esta lei concorda co que di os Presupostos xerais do Estado para o ano 2013?, pois nós temos dúbidas, e hai xente nos nosos concellos, que todos somos concelleiros e concelleiras, que nos di que estas cousas non se poden facer, entón temos dúbidas. Que o escrito de UXT existe e que, efectivamente, existe un informe do departamento dicindo que os cambios que hai, as modificacións que hai non son de fondo, pero tampouco di que non hai ningunha modificación, no esencial non, parece ser, pero ben, eu creo que por esperar un pouco tampouco ía pasar nada, e iso non quere dicir que nós queiramos atalos a vostedes, vostedes vanse mover e facer os cambios que consideren oportunos, pero eu creo que isto é algo máis ca un cambio, é unha modificación profunda desta Administración pública.

Polo tanto, insisto, é sorprendente que me diga vostede que xa a lei vai quedar como está, cando aínda queda por darse todo o trámite parlamentario, vostede dalgunha maneira xa está dicindo que o resto dos grupos que temos representación no Parlamento do Estado é mellor que non vaíamos por alí, que non nos van escoitar.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Efectivamente, é unha modificación profunda, e hai dúas formas de abordala, falando ou sen falar, e optaron por abordala sen falar, ben, é unha forma de facer. Eu quero recordarlle que cando estábamos na Deputación o Bloque e o PSOE falábamos continuamente co portavoz do Grupo Popular, dos expedientes de modificación de créditos, antes de levalos a Comisión, e de moitas cousas máis. Hai dúas opcións, faise dunha forma, trágala, ou imos falar, ao final acabariamos tragando, porque teñen vostedes a maioría, pero polo menos teñen a

deferencia de explicar o que queren facer, e pedirlle a opinión aos grupos de oposición, que ao mellor teñen que gobernar esta Deputación con esa estrutura que vostedes fan, que non nos gusta, e se ten que cambiar dentro de dous anos, pode ser ou pode non ser. Por iso digo eu que estas cuestións teñen que ter unha permanencia no tempo, e para ter unha permanencia no tempo o lóxico sería falalas.

E di vostede que o gran argumento desta reforma é o inmovilismo, non podemos quedarnos inmóbiles, home, eu prefiro quedarme inmóbil a moverme sen saber a onde vou. E di vostede, non podemos quedar inmóbiles, adaptémonos aos cambios, pero a qué cambios?, non hai ningún cambio, vaino haber, esperemos a coñecelo, e cando o coñezamos, fagamos os cambios que teñamos que facer para buscar maior eficacia e maior eficiencia na Administración e mentres tanto esperemos, porque temos unha boa organización na Deputación, unha boa organización moi profesionalizada, e o problema é que algúns pensamos que se quere facer menos profesionalizada, e esta organización pode perfectamente esperar e funcionar perfectamente sen facer ningún cambio ata que se aprobe a lei.

E o custo é un artificio contable. A reforma custa 629.000 euros e finánciase en parte coa amortización dunhas prazas, pero esas prazas non están cubertas, é un artificio contable, vostedes presupostan 440.000 euros dunhas prazas no cadro de persoal que non se cobren, e están dotadas presupostariamente pero non hai ningún funcionario, non hai ninguén que estea cobrando nada nin facendo nada, esas prazas amortízanse e, obviamente, xa se aforran 443.000 euros, pero eses 443.000 euros eran economías que se ían producir porque non se ían cubrir esas prazas, están sen cubrir, é un artificio, que eu entendo que o argumenten, pero non é certo.

En calquera caso, teñen vostedes a maioría para facer o que queiran, hai dúas formas de traballar. Sobre todo, eu non lles nego, e non lles neguei na miña intervención, que teñen vostedes a lexitimidade e o dereito de fixar os obxectivos do seu goberno, e a lexitimidade e o dereito de facer un Plan estratéxico 2013-2015, pero non me digan vostedes que dese Plan estratéxico 2013-2015 se deriva unha modificación de tanto calado na organización administrativa desta casa, porque entón será tamén unha modificación 2013-2015, e iso non é serio. En calquera caso, como lle dicía o outro día, teñen os votos para facer o que queiran, vostedes teñen dous camiños, falar, dialogar, consensuar ou dicir, isto é o que hai, teño maioría e apróbase, elixiron.

Sr. Ruiz Rivas

Intentaremos, xa que non houbo unha soa crítica de fondo, intentaremos entón mellorar as formas, que é o que nos queda, quedalle a vostedes brindado a oferta de falar con este portavoz e máis con vostedes, pero en todo caso o que evidencia é que non hai unha soa crítica de fondo ao que se pretende. E claro, vostede di que é mellor quedarse inmóbil, e que vostede quedaríase inmóbil antes de non saber a onde vai, pero é que vostede o que non sabe é a onde vai, o resto sabemos perfectamente a onde imos. É vostede o que non sabe ou non ve que hai bastantes máis cambios lexislativos ca os que se poden producir coa reforma da Lei de racionalidade e sustentabilidade das administracións, se só ve ese cambio nos últimos quince anos nas administracións, nas súas competencias, nas súas formas de proceder, nas súas economías, lóxicamente vaise quedar parado, porque non ve máis alá que iso, pero é que hai moitas máis cousas que a lei. E, polo tanto, esta reforma serve para a actual

lei e para calquera lei que vaia na orientación da que se pretende, que é reforzar as competencias e o labor da Deputación.

Eu non sei, Sr. Regueira, se son moi listo, non moi listo, ou se sei o que vai pasar no Congreso, sei que vai haber moitísimos cambios, moitísimos, pero sei o que é a exposición do motivo dunha lei, as razóns dunha lei, e o que significaría directamente devolver unha lei. Cando un Goberno, despois de escoitar a quen ten que escoitar, presenta unha lei, sabe cales son as razóns e o que pretende con esa lei, e polo tanto sabemos, e ao cen por cento acertamos, dicindo que as deputacións van ter unhas maiores competencias que as que teñen hoxe en día. Cambiarán moitas cousas desa lei, cambiarán moitos artigos, meterán outros máis artigos, pero o que é a razón de ser desa modificación legal é a que motiva que o Goberno presente ese texto legal, e polo tanto sabemos que as deputacións van ter un papel de axuda aos concellos, e sobre todo aos concellos pequenos, moito maior que o que ten hoxe en día, e non nos podemos permitir non estar adaptados a ese cambio que vai vir, pero tamén adaptados xa á realidade que vivimos hoxe en día, e iso é o que estamos propoñendo.

E dicía, e con isto remato, o Sr. Moreda só ve os 629.000 euros que pode custar, non ve os catrocentos e pico mil euros de aforro, non ve o que, si, claro, e que vostede di, e que non están cubertas, e os 629.000 euros están cubertos?, estarán, tamén podían estar todas as que vostede non cubriu ou cubriu, a realidade é a que hai, e os cartos que esta Deputación destina a persoal son os que son, e o que lle estou dicindo e que para o ano que vén afórranse 100.000 euros con respecto ao que temos presupostado, polo tanto, non lle causamos ningún mal á economía desta Administración, e que, por certo, facémolo cumprindo todas as leis e os requisitos que se esixen para poder cumprir, a Lei de presupostos estatal, a Lei de estabilidade, etc., etc, e ademais, e volvo repetir, creo que co gran asesoramento e informes de todas as unidades que son as que dan pé a buscar esa maior eficacia e eficiencia na nosa forma de traballar, por certo, unha forma de traballar que ten que ir á cultura de avaliación continua, que ten que ir ao desenvolvemento persoal e o desenvolvemento de tarefas comúns entre todos os que compoñen esta casa, e creo que este cambio de principios é algo básico. Nós temos que saber o que estamos facendo, e temos que saber como mellorar, e temos que saber avaliar esa mellora ou ese tempo de resposta, para así ser máis eficaces, e creo que esta reforma, precisamente, incide en todos eses aspectos e principios e por iso, nós, que si falamos do fondo desta reforma, imos votar que si a ela.

Sr. presidente

No Pleno do 25 de xaneiro dicía que era un feito notorio e manifesto que houbo malas prácticas na comercialización das preferentes por parte das entidades financeiras, e que afecta a decenas de miles de persoas que viron traizoada a confianza depositada nas entidades e nos seus empregados ao comprar, descoñecendo, un produto financeiro perpetuo e de alto risco, cando pensaban que estaban contratando un depósito. A nosa posición como grupo político, e tamén a miña persoal, foi clara desde que coñecemos esta situación, a defensa dos pequenos aforradores, non investidores, que foron estafados e enganados, e en consecuencia a esixencia de devolución do seu diñeiro aos afectados

Non cabe dúbida de que as actuacións levadas a cabo polos afectados contribuíron a solucionar unha parte do problema, cerca de 38.000 preferentistas recuperaron o seu diñeiro pola vía da arbitraje, a costas, en moitos casos, da súa tranquilidade e da súa saúde. Pero o problema non está resolto na súa totalidade, quedan miles de persoas, en torno a 20.000, que se consideran pequenos aforradores, que reúnen os mesmos ou similares requisitos que os que xa viron solucionado o seu problema pola arbitraje e que en xustiza deben de ver atendidas as súas demandas, e as institucións públicas deben de apoiar esta demanda, que non é máis que esixir que se lle devolva o diñeiro ás persoas que foron estafadas e enganadas.

O que sabe, o que compra, asume un risco, se gaña, gaña, e o beneficio para el, e se perde, perde, e a perda sopórtaa tamén el, pero non estamos falando aquí deste tipo de persoas, estamos falando de pequenos aforradores, non investidores, que pensaban na confianza na entidade e os seus empregados, pensaban na confianza nos empregados e na entidade, que o seu diñeiro estaba nun depósito, e non vale para eles a máxima de se gañan, gañan, e se perden, perden, foron enganados e teñen o dereito a que se lles devolva o seu diñeiro.

Por iso imos apoiar o punto número un e o punto número dous que leu o portavoz do grupo propoñente, o Sr. Regueira. Non podemos votar favorablemente o punto número tres, porque incluso a propia redacción é contraditoria, porque tendo en conta a aplicación de criterios obxectivos, e a preservación dos intereses da Corporación e a provincia, tal e como din vostedes na súa proposta, isto non se pode aprobar porque estaríamos facéndolle un grave dano irreparable á Deputación, xerando unha situación imposible de xestionar, e tamén un dano a miles de persoas relacionadas coa Deputación, sen que isto supuxese ningún tipo de beneficio para os preferentistas. Esta entidade, Novagalicia Banco é a entidade colaboradora principal da recadación, o 45% da recadación faise a través de Novagalicia Banco, e o 50% das domiciliacións están neste banco, non podemos obrigar a preto de 400.000 persoas a cambiar as súas domiciliacións sen contar que iso sería imposible xestionalo e que un servizo eficaz como é o de Xestión Tributaria, deixaría de funcionar. Por outra parte, para cancelar os créditos, se rompemos as relacións, para cancelar os créditos, a maioría dos cales están ao euribor máis o 0%, teríamos que solicitar créditos a outras entidades e teríamos que pagalo xa ao euribor máis o 5, o 6 e de aí para arriba.

Non é posible apoiar este punto, apoiamos os puntos un e dous, porque entendemos que é de xustiza, non podemos apoiar este punto porque entendemos que non resolve nada cos preferentistas e que crea unha grave situación de prexuízo para a Deputación e para moitas persoas desta provincia, porque a maior parte das nóminas, a maior parte dos pagos a provedores, a maior parte dos pagos de certificacións e a maior parte das subvencións, sen contar xa coa xestión tributaria, fanse a través desta entidade, e estaríamos creando unha situación difícil de xestionar, que faría dano á Deputación, e non beneficiaría nada a ningún preferentista.

Sr. Ruiz Rivas

Eu creo que o punto que hoxe se trata, que foi un punto amplamente debatido por desgraza en concellos, nas deputacións, no Parlamento, deu un lugar a grandes acordos políticos, e deu lugar a grandes acordos políticos porque creo que todos somos conscientes, non só desa mala comercialización, que parece que é dicilo moi suavemente, senón o engano e estafa a que se levou a moitísimos aforradores, a pequenos aforradores, a xente que, en realidade, non sabía o que lle estaban a vender ou a comercializar. Eu creo que a Xunta de Galicia foi pioneira en intento de solucións, solucións como a arbitrase, que outras comunidades posteriormente, e mesmo o FROB, intentou levar a cabo con outras comunidades ou outras entidades bancarias. Practicamente dous terzos das persoas que accederon a esas solicitudes de arbitrase viron satisfeitos o que son os seus dereitos, reintegrándolles eses cartos, pero todos somos conscientes tamén desde o momento en que tiveron que optar pola liquidez ou non, que se están a producir unha serie de prexuízos importantes. Sabemos que poden seguir pola vía da arbitrase, que poden ir tamén á vía xudicial, pero cremos sinceramente que a vía da arbitrase ten que seguir sendo a solución que defina a esa xente aforradora que foi enganada e, polo tanto, nós continuamos co apoio que tódolos grupos prestan aos afectados a través da aprobación do que son eses dous puntos primeiros, que inciden basicamente nesa solicitude de que se siga coa arbitrase, recoñecemento implícito tamén de que foi unha fórmula válida, unha fórmula da que se beneficiaron preto de 40.000 persoas, e o feito de que puideran

optar ou non pola liquidez, non pode levar a esta entidade bancaria nin a ningunha a que se paralicen o que son as arbitraxes, e polo tanto, todos temos que seguir unindo esforzos para que siga adiante o tema da arbitraxe. Pero coincido, Sr. Regueira, co que dicía o Sr. Moreda en canto ao punto terceiro, é dicir, eu sei que moita xente que foi enganada, e que as arbitraxes lle deron os cartos, ou ben que agora, eu son un deles, e díxeno máis dunha vez, as miñas fillas son unhas delas, e sendo menores tampouco se lle aceptou a arbitraxe, estando en cantidades que debían, tampouco se lles aceptou esa arbitraxe, somos conscientes de que tamén, se cae esa entidade bancaria porque todos fagamos o mesmo, entón si que sería imposible o que é a devolución dos cartos pola vía da arbitraxe.

Cando todos estamos a defender no Parlamento e noutras institucións que non perda a galeguidade é porque tamén sabemos o beneficio que ten causado á nosa economía, e en concreto á administración provincial. O Sr. Moreda deu unha serie de apuntes, efectivamente, case o 50% dos ingresos desta Deputación fanse por contribuíntes que utilizan a oficina virtual, ou que utilizan como entidade bancaria a Novagalicia Banco, pero é que practicamente o 50% dos pagos que fai esta Administración a provedores e que fai aos concellos, o fan tamén a través desta oficina bancaria. Pero pódolle dicir máis, hai convenios que outras entidades non foron quen de ser quen de asinar, e que si se están prestando, vía internet, vía de asesoramento, a calquera contribuínte ou veciño da provincia, a través desas oficinas virtuais ou servizos que dá Novagalicia Banco. Polo tanto, o feito de *per* se suspender todo tipo de relacións, creo que sería malo para a provincia, para a Deputación, para os concellos, pero tamén para aqueles que aínda non viron satisfeitos os seus dereitos co reintegro deses cartos.

Tamén hai outra serie de cuestións de relacións, como vostede dicía, da débeda, a débeda da Deputación está practicamente, moita dela, en Novagalicia Banco, con xuros de Euribor máis o 0, ou o 0,00 con algo, co cal para poder acceder a iso loxicamente teríamos que acceder en peores condicións, co cal tamén causaríamos un evidente prexuízo. Nós o que propoñemos, e así llo diciamos ao Sr. Regueira, que é que temos dous primeiros puntos, nun deses puntos, no segundo, dicimos que Novagalicia Banco empece a satisfacer estas demandas de arbitraxe e que empece a satisfacer o pago a través da mediación ou a arbitraxe no prazo dun mes, por iso nós o que lle dicimos é que todo o que significa neste caso contratos ou acordos que esta Deputación xa ten formalizados con Novagalicia Banco sería un grave prexuízo para todos o que se modificara, pero nós o que lle propoñemos é que se nese prazo indicado, que é dun mes, non se produce a devolución aos estafados e estafadas, este feito débese ter en conta nas relacións futuras que esta Deputación debe ter con esta entidade bancaria. Iso é o que eu creo que de futuro é mellor tanto para os dereitos dos preferentistas como para os dereitos dos cidadáns desta provincia e os concellos e, polo tanto, esa é a proposta que facemos no punto terceiro, e anunciando o noso voto favorable para os dous primeiros.

Sr. presidente

Ten a palabra o Sr. Regueira, e prégoille que nos diga se lle parece ben esa achega, e en todo caso, se permitiría a votación por puntos.

Sr. Regueira Varela

Parécenos correcto. Eu, se o presidente entende que pode intervir un representante ou unha representante dos afectados nós estamos dispostos a cederlle a quenda de palabra, simplemente unha cuestión.

Nós entendemos a emenda, e aceptamos a emenda porque, efectivamente, haberá cousas que sexa moi difícil de solucionarlas, moi prexudicial, outras non tanto, que se terán que valorar, pero o futuro non é unha hipoteca a prazo perdido, o futuro é un xesto que se ten que empezar a tomar mañá, ou mesmo ao saíres desta sala, é dicir, se no prazo dun mes non empezan as devolucións, calquera xestión con Novagalicia Banco non debería de existir por parte da Deputación, pero unha reflexión, que eu creo que é importante, non estamos falando da Deputación, estamos falando das persoas ás que se lles roubaron os seus aforros, persoas que nestes momentos non teñen perspectiva vital, estamos falando delas, estamos dicindo unha cousa ben curiosa, que a banca referencial desta Deputación é unha banca que rouba e estafa, alguén tería un banco de referencia que rouba e estafa?, eu creo que a Deputación tampouco ten que ter, e eu creo que a Deputación, evidentemente, haberá cousas que sexan moi complicadas a nivel legal, a nivel burocrático, de amañar de inmediato, pero hai cousas que teñen que ser ben fáciles de amañar, porque outras persoas tamén amañamos algunhas. Entón, eu pídolles que simplemente a emenda non sexa un xesto para saír do paso, aceptámoslla, pero pido que empece a haber movementos, xa que vostede falaba antes de que non lles impedíramos a mobilidade, que neste caso tamén haxa movementos, movementos claros e que poidamos percibir. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Para dicir que, unha vez que o Sr. Regueira acepta a proposta presentada polo Sr. Ruiz, nós asumimos iso e votaremos favorablemente.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E DÉBEDA SUBORDINADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O FROB, dono do 100% de Novagalicia Banco, dependente do Ministerio de Economía, acordou o pasado 11 de xuño, espoliar os aforros de miles de familias galegas que foran enganadas e estafadas polas Caixas que hoxe integran Novagalicia Banco.

Este espolio realízase ao abeiro de diversos real decreto lei, impulsados polo Goberno do Estado e avalados pola maioría absoluta do PP no Congreso dos Deputados e no Senado.

Este espolio por decreto ás miles de familias galegas estafadas por NGB, xa lles supuxo, coa simple publicación no BOE, un roubo de máis de 500 millóns de € do seu capital, cantidade que ademais fuxiu de Galiza.

A vía da arbitrase, conseguida grazas ao traballo e mobilización das Plataformas de afectados/as, pola que recuperaran os seus aforros 36.000 persoas por un importe de preto de 500 millóns de €, acaban de pechala, deixando sen resolver 20.000 casos máis que o tiñan solicitado, que son tamén persoas aforradoras, e que se comete con elas un agravio comparativo e unha tremenda inxustiza.

A pesar de ano e medio de loita diaria na rúa dos afectados/as, do recoñecemento xeneralizado do que é unha estafa millonaria, dos miles de laudos arbitrais e máis dun cento de sentenzas xudiciais favorábeis ás persoas estafadas, e do compromiso e promesas reiteradas polos responsábeis do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza asegurando que ían recuperar os seus aforros todas as persoas afectadas, o groso do capital colocado en preferentes e subordinadas segue sen devolverse aos clientes estafados.

Os 20.000 casos que decidiron non chamar á arbitrase e os preto doutros 20.000 que non o solicitaron, porque aínda non coñecen o problema, non confían na vía arbitral, están agardando unha resolución xudicial ou solución política e colectiva a esta sangrante estafa, teñen aínda atrapados preto de 1.500 millóns de €, o 75% do capital colocado por NGB nestes produtos tóxicos a pequenos aforradores e clientes minoristas.

Por iso, cando neste momento se está cometendo un verdadeiro atraco aos aforros de miles de familias galegas, as institucións públicas e os seus representantes políticos, non poden evadir a súa responsabilidade e teñen que situarse claramente do lado das persoas estafadas e en contra dos estafadores e de quen os protexe.

Cómpre, xa que logo, sumarse de verdade e con todos os medios posíbeis á loita que están levando a cabo as plataformas de afectados/as para impedir que se realice esta millonaria estafa e esixir da Dirección de NGB e dos responsábeis do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, as decisións económicas e políticas necesarias para paralizar a execución deste atraco e buscar unha solución xusta e definitiva que posibilite a recuperación dos seus aforros aos miles de afectados/as que quedan aínda sen cobrar. Se queren, si que poden. Só lles falta vontade política e a convición suficiente para querer resolvelo.

Por todo o exposto, o grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación da Coruña solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Esixir do FROB, dono do 100% de NGB, do Ministerio de Economía, do Goberno do Estado, da Xunta de Galiza e de Novagalicia Banco a continuidade do proceso de arbitrase até que recuperen o seu capital todas as persoas aforradoras que foron estafadas polas caixas agora integradas en Novagalicia Banco.

2. A Deputación de Coruña requiríralle á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes continúe coa devolución íntegra das cantidades estafadas a todos os aforradores da provincia coas participacións preferentes e obrigas subordinadas.
3. Se no prazo indicado non se produce a devolución aos estafados/as, este feito débese ter en conta nas relacións futuras que esta Deputación debe ter con esta entidade bancaria.

(Intervención do público)

Sr. presidente

Mire, vostedes teñen posibilidade de falar neste Pleno como fixeron noutra ocasión, pero solicitando en tempo e forma. Eu prégoles que deixe continuar a orde do día desta sesión. Eu estoulle pedindo que deixe debater neste Pleno, estoulle pedindo, se quere vostede calar, e se non, rogaríalle aos servizos de seguridade que lle pidan a esta persoa que abandone o recinto.

Pasamos á seguinte moción do Grupo provincial socialista sobre a substitución de contadores por parte das compañías de subministración eléctrica.

(Intervención do público)

Como as persoas que estaban no Pleno están perfectamente identificadas, tamén lle pido Sr. secretario, que se dea constancia do nome desas persoas as administracións competentes neste sentido. Así que polo tanto, pasamos á seguinte moción do Grupo provincial socialista sobre a substitución por parte das compañías de subministración eléctrica.

(Intervención do público)

Señora, xa lle dixemos, e acabamos de debater este punto. Noutros Plenos tiveron a palabra, se vostedes ou algún colectivo quere ter a palabra neste Pleno da Deputación pódese solicitar en tempo e forma. O que non lle imos permitir, a este colectivo ou a calquera outro, aínda que esteamos a favor de xente coma vostede, e que veñan aquí a insultar, a romper o Pleno e a dicir o que lles peta, iso non funciona así, eu respecto a súa situación, e apoiámola unanimemente todo este plenario, todo este plenario, conta vostede co apoio de todos.

(Intervención do público)

Eu non son quen de xulgar, pero eu diría que non, se vostede me pregunta a min. Moitas grazas.

-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre a substitución de contadores por parte das compañías de subministración eléctrica.

Sra. García Chavarría

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a verdade é que resulta un pouco difícil intervir agora mesmo. Respecto da moción que presentabamos desde o Grupo Socialista quero dicir que o Real decreto 1110/2007 aprobaba o regulamento de puntos de medida do sistema eléctrico nacional. As empresas distribuidoras, en base a este Real decreto deberán substituír os seus equipos de medida actuais por telecontadores dixitais e deberán de facelo en tres fases perfectamente marcadas, e que son exactamente que antes do 31 de decembro de 2014 deberán estar substituídos o 35%, antes do 31 de decembro de 2016 o seguinte 35%, e antes de finalizar o ano 2018, o 30% restante. Concretamente en Galicia isto suporá que aproximadamente 1.200.000 consumidores se verán afectados por este cambio, e isto suporá un investimento para as empresas distribuidoras de algo máis de 240 millóns de euros.

Hai uns días o Pleno do Concello das Pontes de García Rodríguez facía unha declaración institucional por unanimidade de todos os grupos políticos con representación no seu Pleno, na que facía constar a situación de ERE e situación concursal da empresa Arteixo-Telecom, que se atopaba neste momento a punto de despedir a 46 traballadores e coa baixada salarial dun 20% para o resto deses traballadores.

Como moi ben coñecen as Sras. e Sres. deputados, a comarca de Ferrolterra atópase actualmente moi devastada industrialmente e realmente afectada por un problema de paro realmente doloroso. Os índices de destrución de emprego son enormes e agora as empresas como Navantia, como Alstom, como GambeSA, como Privilege, como Poligal, ou mesmo Megasa, da que hoxe faciamos esa declaración institucional, agora únese tamén a empresa Arteixo-Telecom, situada nas Pontes.

Quero dicir que esta empresa é única no seu sector, do sector da electrónica industrial, ademais esta empresa é socia da asociación sen ánimo de lucro, Meters and More, que ten sede en Bruxelas e que ademais é unha asociación creadora do protocolo aberto do mesmo nome para a fabricación de compoñentes de telecontadores dixitais que actualmente están a montar algunhas empresas, como pode ser o caso concreto de Endesa, por exemplo.

Esta empresa, Arteixo Telecom, ten capacidade técnica para fabricar estes compoñentes, e ademais é unha empresa que foi declarada como estratéxica polo Parlamento de Galicia no ano 95, ten ademais enxeñería, ten investigación e desenvolvemento, e ademais un cadro de persoal altamente cualificado e capacitado e moi formado para desenvolver este traballo na fabricación de compoñentes electrónicos, e ademais para fabricalos para calquera das marcas que se están presentando aos concursos das subministradoras eléctricas, de todas elas sen excepción, e que ademais están resultando adxudicatarias deses contratos.

É verdade que a produción eléctrica galega ten unha característica que permite actuar aos poderes públicos, porque as instalacións produtoras, tanto hidroeléctricas ou eólicas, son concesións administrativas, e por iso pedimos nesta

moción, tanto á Xunta, á Xunta que faga un papel mediador para fomentar un marco de entendemento coas eléctricas e distribuidoras, e un chamamento tamén a estas empresas para que teñan en conta e valoren nos seus pregos de condicións a aqueles subministradores que fabriquen en Galicia, e que non ocorra ou non siga a acontecer o que está pasando agora mesmo, que se están a fabricar noutros países, porque estamos convencidos de que, de ser así, e de conseguir esa mediación e que as empresas distribuidoras tomaran conciencia desa situación, isto xeraría riqueza no territorio, mantería moitísimos postos de traballo, repercutiría directamente na economía galega e, ademais, crearía novos postos de traballo, seguramente ademais postos de traballo que serían mantidos no tempo ata máis alá do horizonte do ano 2018.

Non esquezamos tampouco que estamos falando de telecontadores eléctricos neste caso, pero tamén é certo que tras estes virán os telecontadores de auga, por exemplo, ou os de gas. Por iso, propoñíámoslle ao Pleno da Deputación acadar o seguinte acordo, e leo textualmente:

“Instar á Xunta de Galicia e ás empresas eléctricas a ter en conta estas circunstancias que expoñiamos á hora de licitar os contratos de subministracións de contadores, tal e como se fixo tamén en comunidades como a madrileña ou Euskadi. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Regueira Varela

Imos apoiar a moción, pero é curioso, ás veces somos presas das nosas propias decisións. Liberouse o mercado da electricidade, neste caso non foi o Partido Popular quen o liberou, e logo pasan as cousas que pasan, polo tanto, temos que reflexionar sobre estas cuestións. Acabamos de falar dun tema doloroso incluso e a min paréceme que moitas veces resolvemos as cousas a maneira de carpetazo, e logo veñen os arrepentimentos, veñen as consecuencias, e isto é unha delas.

O Bloque Nacionalista apoia sen dúbida esta moción, pero no seu momento o Bloque Nacionalista non foi cómplice da privatización do sector enerxético estatal.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Eu quixera polo texto da moción e, sobre todo a súa parte dispositiva, dicir que quen adquire os novos contadores non é ningunha administración, nin a Xunta, senón os distribuidores de enerxía e, polo tanto, o feito en si de que sexa directamente a administración da forma en que se solicita, quen llo pida, parece que pode ser mellorado na súa redacción amplamente.

Tanto a Xunta de Galicia como creo que os grupos aquí representados, apoiamos plenamente as reivindicacións que aquí se fan, apoiamos plenamente ás empresas que están implicadas, mesmo o conselleiro tivo unha reunión no seu momento co Comité de Empresa, co propio alcalde das Pontes, creo que a comezos do mes de xullo, a raíz desas reunións, ou desa reunión concreta puxéronse en contacto con estas distribuidoras para facerlle ver os beneficios que tería para Galicia, para a nosa economía o feito de que contén as nosas empresas á hora da licitación deses contratos de telecontadores e, polo tanto, nesa mesma liña estamos nós.

Eu ao fío disto quero facer unha reflexión e que ten algo que ver, pero ten moito que ver con algo que fixemos aquí. Estamos todos de acordo, e estamos todos de acordo porque estamos apoiando economía galega e empresas galegas. Hai procedementos administrativos legais que permiten apoiar, pedindo presupostos, a empresas economicamente solventes e tecnicamente preparadas para facer obras. Polo tanto, non valen para unhas cousas si e para outras non, aquí hai traballadores do mundo da telecomunicación, pero a maioría do paro foi en obras e, polo tanto, o poder chamar só a empresas tecnicamente preparadas, economicamente solventes, que sexan galegas, que sexan da comarca ou que sexan da provincia, espero que teñan a mesma consideración, porque creo que o merecen, igual que o merecen.

Pero dicíalle, o seu texto, se se fixa na parte dispositiva, que é a parte que en realidade aprobamos, o resto é digamos literatura ou exposición de motivos, mire o que di: “Instar á Xunta de Galicia e ás empresas eléctricas a ter en conta esta circunstancia á hora de licitar os contratos de subministracións de telecontadores tal e como se fixo en comunidades como Madrid e Euskadi”, quero dicir que non fala da circunstancia, é dicir, “esta circunstancia”, entón eu creo que se pode substituír directamente ou buscar un texto máis acorde coa circunstancia e co feito que estamos todos de acordo, que se teña en conta ás empresas galegas á hora de licitar eses telecontadores, con algo parecido, ou como vostede considere, como é: “Solicitar das empresas eléctricas que operan no noso país que no proceso de renovación dos seus contadores domésticos arbitren as medidas oportunas de cara aos seus subministradores para que a fabricación dos dispositivos de medida e comunicación se contrate coa industria galega especializada en subcontratación electrónica, igual que se fixo noutras comunidades”, ou como vostede queira, se lle parece ben, porque creo que se entende directamente máis.

Sra. García Chavarría

Estou de acordo, Sr. Rivas, non hai ningún problema en modificar a redacción, pero si lle quería facer un apuntamento e é que aquí, neste caso, non cabe o procedemento negociado, non se pode aplicar aquí, non me veña a envolver vostede unha cousa coa outra. Creo que o tema que nos ocupa non ten absolutamente nada que ver, creo que é de xustiza o que se está a pedir, que a Xunta ten que facer, ou debe de facer ese papel mediador coas empresas distribuidoras neste caso e que, efectivamente, eses investimentos millonarios, como é o caso, que repercutan no tecido industrial galego e polo tanto na creación e no mantemento dos postos de traballo. Moitas grazas.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE A SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES POR PARTE DAS COMPAÑÍAS DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA.

O GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, con base no disposto nos artigos 91. 4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As compañías de subministración eléctrica están a substituír os contadores de medición de consumo con potencias contratadas inferiores a 15 kw por outros de carácter dixital. O cambio prodúcese a causa dunha norma estatal, aprobada no ano 2007 e modificada en 2012, que establece a substitución completa do parque actual para antes do 31 de decembro de 2018.

As compañías eléctricas queren adiantar ese prazo ao ano 2015, o que en Galicia afectará aproximadamente a 1,2 millóns de consumidores cun investimento previsto de máis de 240 millóns de euros.

A dependencia enerxética de Galicia, que sendo produtora neta e exportadora de enerxía eléctrica, depende de compañías con sede social noutros territorios, pode representar unha oportunidade perdida. Así, existen empresas galegas produtoras dos devanditos contadores como é o caso de Arteixo Telecom, situada no Concello das Pontes, declarada estratéxica pola Xunta de Galicia no ano 1995. Unha empresa única en Galicia nas súas características, con enxeñería, medios de fabricación óptimos, I+D, alta formación do persoal, e con capacidade tecnolóxica para a fabricación inmediata de telecontadores e dos seus compoñentes.

Non obstante, existen datos que demostran que as empresas eléctricas están a mercar estes aparellos en países como Tunisia ou Italia.

O Concello das Pontes aprobou por unanimidade dos grupos políticos con representación no seu Pleno unha declaración institucional na que pon de manifesto que, pese a estas características de Arteixo Telecom, a empresa atravesa unha situación concursal con despedimento de 46 traballadores e cunha baixada salarial do 20% para o resto do seu cadro de persoal.

A produción eléctrica galega ten unha característica que lles permite actuar aos poderes públicos: as instalacións produtoras, hidroeléctricas ou eólicas, son concesións administrativas. Cómpre pois impulsar unha acción de mediación coas empresas subministradoras para que as empresas galegas fabricantes de equipos non queden desbotadas de concursos de subministracións como o devandito.

En consecuencia, o Grupo Socialista na Deputación da Coruña propón ao Pleno o seguinte **ACORDO**:

Solicitar das empresas eléctricas que operan no noso país que, no proceso de renovación dos seus contadores domésticos, arbitren as medidas oportunas de cara aos seus subministradores para que a fabricación dos dispositivos de medida e comunicación se contrate coa industria galega especializada en subcontratación electrónica que se fixo noutras comunidades autónomas

Sr. presidente

Temos presentado por urxencia dúas mocións do Grupo Popular en referencia á renuncia ao seu cargo de deputado de dous deputados desta cámara. Se lles

parece, votamos, como é habitual a urxencia en cada unha destas mocións e despois, como saben vostedes, o debate ou quenda de palabra para os autores da moción, os asinantes da moción.

Sométese a votación a ratificación da urxencia das mocións que é aprobada por unanimidade.

Sr. Pereiro Liñares

Bos días señoras e señores, quero compartir unhas palabras de despedida nesta última sesión da miña xestión como deputado provincial. Para min foi unha experiencia moi satisfactoria polo traballo feito, pola aprendizaxe adquirida e polos compañeiros que aquí tiveron. A todos dicirvos que tedes á vosa disposición no concello de Tordoia a un amigo, e deséxolles a todos que os que ides continuar aquí nesta honorable Cámara, que teñades sorte e dedicación ao traballo, como viñemos facendo ata agora.

Quero tamén agradecer a todos os funcionarios desta casa a súa colaboración e disposición, que sempre me prestaron. Sen máis, unha aperta e ata pronto.

(Aplausos)

Sr. Vázquez Lema

Bos días, Sr. presidente, Sres. deputados. En primeiro lugar, como non, quixera darlle as grazas ao Sr. presidente por ter confiado en min e formar parte no seu Goberno estes dous anos, dicir que para min foi unha satisfacción moi grande. Marcho encantado de todos os compañeiros e de todos os deputados, de todos os funcionarios desta casa e traballadores, especialmente teño que darlle un agradecemento aquí aos que forman parte do departamento de Vías e Obras que foron realmente os que máis me axudaron, e cos que máis estiven. Aos deputados, desde logo, agradecervos o voso respecto, o voso cariño que me transmitistes todos vós, aínda que ás veces aí como Mariano intentaba picarme un pouquiño, pero fómolo levando ben, e máis nada, eu quero dicirvos de verdade que para min foi unha experiencia “caralluda”, sigo en Cabana alí para cando veñades, e si, que eu defenderei a política deste país e os políticos dende dentro e dende fóra, desde logo non a todos os políticos, pero dende logo defenderei á maioría, que creo que son a maioría dos honrados e os honestos dos políticos deste país, eu creo que somos a maioría, e dende aquí dígoo moi alto. O que non poida estar, o que non sexa honrado, que pague cada un pola súa, pero eu desde logo defendo, quero defender e defenderei sempre dende dentro a fóra a maioría dos políticos deste país porque creo que a maioría somos os honestos e os honrados. Moitas grazas.

(Aplausos).

Sr. presidente

Antes de pasar á votación destes dous puntos, quero agradecerlles aos dous deputados primeiro o seu traballo, o seu compromiso durante todo este tempo, o seu traballo desinteresado e, sobre todo, sempre esa boa forma de ser e de estar que,

loxicamente axuda a levar e a xestionar o día a día, e sumámonos, como estou seguro que facemos todos os que estamos aquí a esa declaración que facía Perfecto Vázquez, e que estou seguro que todos aquí presentes a asinamos.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL

Don Manuel Santos Ruiz Rivas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación provincial da Coruña,

Presentada por escrito de data 31 de xullo de 2013, con entrada no rexistro ese mesmo día, a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don **Perfecto Vázquez Lema**, procede facela efectiva ante o Pleno da Corporación, conforme ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Por tanto PROPOÑO ao PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

- 1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don **Perfecto Vázquez Lema**.
- 2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.
- 3.-Pór en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, a efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral”.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL

Don Manuel Santos Ruiz Rivas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación provincial da Coruña,

Presentada por escrito de data 31 de xullo de 2013, con entrada no rexistro ese mesmo día, a renuncia ao seu cargo de deputado polo deputado provincial don **Antonio Pereiro Liñares**, procede facela efectiva ante o Pleno da Corporación, conforme ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Por tanto PROPOÑO ao PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

- 1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don **Antonio Pereiro Liñares**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Pór en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, a efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral”.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Piñeiro García

Bos días a todos e a todas. Trátase dunha pregunta para presentar á Presidencia por un tema que temos enriba da mesa o Grupo Provincial do BNG, e que entendemos que tamén deben ter o Partido Socialista e tamén o Partido Popular, porque é un escrito dunha persoa de Ribeira no que solicita unha serie de actuacións na estrada xeral de Castiñeiras, é un escrito que tamén lles dirixiu ao Concello de Ribeira, ao alcalde, e o alcalde de Ribeira, Ruiz Rivas derivouno á Deputación. Non sei se isto é síntoma de que ao mellor non hai interese por parte da alcaldía de arranxar este tema pero nós queremos formular a pregunta de que actuacións se van levar porque a situación é unha certa inseguridade viaria que se dá na estrada por circulación a velocidade excesiva, e polo tanto queremos preguntar se se vai atender esta solicitude desta veciña, se se van habilitar as actuacións necesarias para que os vehículos se vexan obrigados a minorar a velocidade, se se vai proceder a instalar beirarrúas e todo o necesario que se dan en todas as circunstancias nas que é preciso mellorar a seguridade viaria. Esa é pregunta que deixamos sobre a mesa.

Sr. Ruiz Rivas

Como dicía o outro, agradézolle a vostede que me faga esa pregunta porque me dá pé para dicir que nesa estrada provincial en parte dela, en máis dun quilómetro estase facendo un paseo marítimo, que xa leva, -esa era a parte, por iso dicía eu que esta parte era a que me gustaba responder-, que xa leva implícito e aprobado pola Deputación o que son a elevación dos pasos de peóns. Si é verdade que hai dúas zonas no centro de Castiñeiras é unha zona de paseo marítimo, que é Fonte Ramil, onde os vehículos non respectan as velocidades, nestes momentos xa quedamos co responsable de vías e obras para que a próxima semana poidan ver *in situ*, e a idea inicial é dar satisfacción, non a esta veciña que, por certo, é visitante, o cal lle agradecemos máis aínda por riba que se preocupe polos problemas dos veciños de alí, pero a idea inicial é que se non hai ningún tipo de problema de visibilidade, como parece que non, e que a Deputación provincial deu o visto e prace a elevar dous pasos de peóns.

Sra. Seixas Naia

Grazas, bos días a todos e todas. Traio dúas cuestións aquí, algunha pregunta e varios rogos respecto de dous temas que nos preocupan no Grupo provincial do BNG.

A verdade é que vendo o proceder reafírmome en que vivimos en certo tempo de esperpento e que, desde logo, desde este Goberno da Deputación provincial son capaces de demostrar día a día que nunca se é o suficientemente disparatado en certos procederes, sempre se pode ser aínda máis. A maiores, desde logo, de vivir

ataques, como estivemos vendo aquí, aos dereitos dos traballadores e as traballadoras, dos aforradores, das aforradoras, a criminalización constante dos servizos públicos, desde logo, o atordamento e a esquizofrenia de criminalizar os movementos sociais, vostedes tamén teñen tempo de atacar á cultura do noso país e, por suposto, como non, pois tamén ao idioma propio.

Manolo Rivas, que nisto de cualificar seguramente é, seguramente non, seguro, que é moito mellor ca min, denominaríaos a vostedes, ao Grupo de Goberno desta Deputación, subtraccionistas, nalgún artigo que ten publicado, porque tentan facer da nosa obra colectiva máis importante un problema, co único obxecto de acabar con el, conviven con el porque non lles queda máis remedio polo de agora, e espero que por moitos anos, pero desde logo, procuran por todos os medios que nin se espalle, e efectivamente tamén contribúen a intentar acabar con el, aínda que resistiremos, como xa o viñemos facendo ata agora.

E digo isto por varias cuestións que nos preocupan, como dicía. Pola campaña do Mandeo, pola campaña de sensibilización sobre o aforro da auga do Mandeo, unha campaña integramente en español, incumprindo a lexislación aplicable, polo tanto rogamus que se corrixa esa grave ilegalidade, digo tamén pola colocación dos sinais nas estradas provinciais, unicamente tamén en español, incumprindo sistematicamente a lexislación vixente, e falo tamén, e é o que aínda me causa máis sorpresa, e que non me gustaría nin ter que tratar nunha sesión de ningunha administración pública, pola prohibición, que lle fixo vostede, persoalmente e por escrito, a un traballador desta casa, descoñecemos se hai alguén máis a quen vostede se dirixise nestes termos, para utilizar única e exclusivamente nos asentos do rexistro desta casa, como digo, o español, alegando, parece ser, un posible cambio de programa informático, que nada ten que ver coa utilización do idioma, porque se pode facer perfectamente no noso idioma. E dicindo tamén que o rexistro é algo privado, o que tamén contradí claramente a lexislación vixente, porque os rexistros son públicos, de uso público, e ademais son de contacto directo entre as administracións e a cidadanía. Polo tanto, o que lle rogo é que deixe estas actitudes de persecución, rógolle que deixe de traballar vostede e o Partido Popular da Deputación no decrecemento do idioma galego, e rógolle que, pola contra, traballe no crecemento e que retire, desde logo, estas actitudes desta casa.

E por outra banda, como digo, reafírmome en que vivimos tempos de esperpento, porque resulta que esta Deputación provincial forma parte ao 50% do Consorcio Provincial de Bombeiros, consorcio que creou ademais a Deputación provincial, participou maioritariamente nel bastantes anos, e agora comparte o 50%, como digo, coa Xunta de Galicia. Ademais vostedes privatizaron unilateralmente no ano 2003 ese servizo, e estando xa o Goberno da Deputación naquel momento en funcións á espera de que se resolvese un recurso nun concello da provincia, en Fisterra concretamente. Pero a maiores diso, que xa tivemos tempo de falalo nalgún consorcio provincial e noutros foros, incluso con folgas, etc., do corpo de bombeiros, a min preocúpame a situación que se está a vivir agora mesmo nos parques comarcais da provincia da Coruña. Estase nestes momentos desenvolvendo unha folga pola caducidade do convenio colectivo e pola negativa da empresa privada que xestiona eses parques a renegociar ese convenio colectivo, deixouno caducar, e hai unha mingua importante nos dereitos laborais deses traballadores dos parques provinciais.

Polo tanto, quero saber se fixo algunha xestión a Deputación provincial para poñerse en contacto cos traballadores e as traballadoras, se fixo algún contacto coa empresa que xestiona eses parques para animala a que fale cos bombeiros dos parques comarcais e a que renegocien ese convenio colectivo para que non perdan ningún tipo de dereito no seu traballo e pídolle, tamén, e rógolle, que se non o fixo, que o faga, porque creo que é un servizo esencial, un servizo moi importante, seguramente poderíase mellorar en moitísimos aspectos, pero agora é este o tema que nos ocupa e, polo tanto, eu creo que é necesaria a mediación da Deputación provincial que ata o día de hoxe a verdade que causa bastante sorpresa que non fixera ningún tipo de declaración de apoio a eses traballadores, máis aló de que, evidentemente, hai algúns que xa teñen caducada a concesión, están prorrogadas esas concesións, eu espero que se deixen, e o Grupo provincial do BNG espera que se deixen caducar todas e que se poida, desde logo, converter nun servizo público no futuro, porque creo que é importante. Grazas.

Sr. presidente

Ben, a ver se son capaz de darlle resposta ao que vostede demanda. A verdade é que estou sorprendido, sorprendido porque por parte desta Presidencia non hai ningún ataque á lingua galega, pódollo asegurar. Estou completamente seguro, e non lle preguntei a ningún deputado, que non hai ningunha instrución, faltaría máis, por parte de ningún deputado nin membro do Gabinete, de facer calquera tipo de anotación, comunicación, en castelán. O que se está facendo, probablemente pode ser mellorado, pero é exactamente o que se viña facendo cando vostede na lexislatura pasada gobernaba, ou formaba parte dun grupo que apoiaba ao Goberno, polo tanto, seguimos facendo exactamente o mesmo, se hai algo mal, desde logo estamos dispostos a melloralo e facelo mellor.

Na lexislatura pasada había algún servizo que dirixían os nacionalistas e mandaban algunha anotación en castelán, supoño que non sería tamén culpa do PP, eu supoño que se iso se facía, intentaremos corrixilo, non se preocupe vostede, e o informe, ou esa contestación que se lle deu ao traballador foi o que me dixeron os servizos técnicos, pero tamén lle dixemos que se traballaría para garantir loxicamente os dereitos dese traballador, pero de verdade non hai ningún ataque de ningún tipo, pódollo asegurar, por iso me sorprende.

E se me sorprende na primeira, máis me sorprende na segunda, porque vostede foi compañeira deste que lle fala no Consorcio provincial durante a lexislatura pasada, eu en representación da Xunta de Galicia e vostede en representación desta institución, e sabe vostede que de vez en cando soe haber algún problema que na lexislatura pasada se resolveu co apoio unánime da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, e da Deputación, gobernada polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e vostede en representación do seu partido. Polo tanto, sorpréndeme porque no Consorcio, pódolle asegurar que tampouco hai ningún cambio, posto que a aposta nun determinado momento, e a dilixencia coa que se levou en anos anteriores, sigue sendo exactamente a mesma, a mesma, e vostede que estivo presente en moitas desas reunións, en todas as que lle correspondía, sabe perfectamente cal é. Polo tanto, sorprendido na primeira, e moito máis sorprendido na segunda.

Eu asegúrolle que o xerente do Consorcio loxicamente mantivo reunións, tanto coa empresa como coas partes, para intentar chegar a un acordo que nos preocupa, como lle debe preocupar a todo o mundo. Ata aí é a postura que sempre tivemos nesta Deputación, e é a postura que imos seguir mantendo. Espero que estas contestacións tiveran resposta ás súas preguntas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.